

**MESTRADO EN POLÍTICAS SOCIAIS
E INTERVENCIÓN SOCIOCOMUNITARIA**

TRABALLO DE FIN DE MESTRADO

**ANO ACADÉMICO: 2022/2023
CONVOCATORIA: SETEMBRO 2023**



**Protección social en terra allea: percepción da poboación
migrante sobre os servizos sociais do Concello da Coruña**

**Protección social en tierra ajena: percepción de la población
migrante sobre los servicios sociales del Ayuntamiento de A
Coruña**

**Social protection in a foreign land: the migrant population's
perception of the A Coruña Council social services**

Alumno: Rodrigo Gil Cedillo

Directora: Belén Fernández Suárez



Resumo: As persoas migrantes deben afrontar unha serie de retos na súa chegada ó destino migratorio relacionados coa cobertura de necesidades básicas. Estes retos interseccionan con factores de vulnerabilidade como a orixe, o sexo, a idade ou a situación administrativa, entre outros. O obxectivo deste traballo é coñecer o nivel de acceso e identificar o grao de satisfacción da poboación migrante usuaria dos servizos sociais comunitarios do Concello da Coruña. Esta investigación levouse a cabo a través de entrevistas en profundidade con persoas migrantes e persoal técnico dos servizos sociais e do terceiro sector. Destas entrevistas extráense as conclusións de que os servizos sociais comunitarios non son capaces de dar unha resposta efectiva ás necesidades da poboación migrante, polo que precisan unha reorganización e mellora na atención, unha maior inversión en políticas de vivenda e maior coordinación cun terceiro sector cada vez máis relevante no sistema de protección social.

Palabras chave: servizos sociais, Estado do benestar, migracións, vulnerabilidade, protección social.

Resumen: Las personas migrantes deben afrontar una serie de retos en su llegada al destino migratorio relacionados con la cobertura de necesidades básicas. Estos retos interseccionan con factores de vulnerabilidad como el origen, el sexo, la edad o la situación administrativa, entre otros. El objetivo de este trabajo es conocer el nivel de acceso e identificar el grado de satisfacción de la población migrante usuaria de los servicios sociales comunitarios del Ayuntamiento de A Coruña. Esta investigación se llevó a cabo a través de entrevistas en profundidad con personas migrantes y personal técnico de los servicios sociales y del tercer sector. De estas entrevistas se extraen las conclusiones de que los servicios sociales comunitarios no son capaces de dar una respuesta efectiva a las necesidades de la población migrante, por lo que precisan una reorganización y mejora en la atención, una mayor inversión en políticas de vivienda y mayor coordinación con un tercer sector cada vez más relevante en el sistema de protección social.

Palabras clave: servicios sociales, Estado del bienestar, migraciones, vulnerabilidad, protección social.

Abstract: Migrants must face a series of challenges upon arrival at their migratory destination related to the coverage of basic needs. These challenges intersect with vulnerability factors such as origin, gender, age or administrative status, among others. The aim of this study is to determine the level of access and identify the degree of satisfaction of the migrant population using the community social services of the City Council of A Coruña. This research was carried out through in-depth interviews with migrants and technical staff from social services and the third sector. The conclusions drawn from these interviews are that the community social services are not capable of providing an effective response to the needs of the migrant population, and therefore require reorganisation and improvement in their attention, greater investment in housing policies and greater coordination with a third sector that is becoming increasingly relevant in the social protection system.

Keywords: social services, welfare state, migration, vulnerability, social protection.

“Non son un cliente, nin un consumidor, nin un usuario do servizo.

Non son un gandulo, un esmoleiro, nin un ladrón.

Non son un número da seguridade social ou un expediente.

Sempre paguei as miñas débedas, ata o último céntimo, e estou orgulloso.

O tipo de persoas dáme igual, sempre as respectei e axudado.

Non acepto nin busco caridade.

Chámome Daniel Blake.

Son unha persoa, non un can. Como tal, esixo os meus dereitos.

Esixo que se me respecte.

Eu, Daniel Blake, son un cidadán, nin máis, nin menos.”

“I, Daniel Blake” – Ken Loach (2016)

Índice

1. Introdución	1
2. Marco teórico	2
2.1. O Estado do benestar.....	2
2.2. O Estado do benestar en España.....	5
2.3. Servizos sociais	7
2.4. Servizos sociais en Galicia	8
2.5. A vulnerabilidade do colectivo migrante.....	11
2.6. O fenómeno migratorio a Galicia.....	14
2.7. Servizos sociais e migracións.....	15
2.8. Os servizos sociais comunitarios no Concello da Coruña.....	19
3. Metodoloxía	21
4. Análise e discusión de resultados	25
4.1. Necesidades á chegada	25
4.1.1. Idioma.....	25
4.1.2. Emprego	26
4.1.3. Vivenda.....	27
4.1.4. Rede de apoio	28
4.1.5. Situación administrativa	29
4.2. Motivos de acceso ós servizos sociais.....	31
4.3. Satisfacción coa atención recibida	33
4.3.1. Capacidade de resolución das necesidades presentadas.....	33
4.3.2. Desempeño profesional do persoal técnico dos servizos sociais.....	34
4.4. Problemas detectados nos servizos sociais.....	37
4.4.1. Vivenda.....	37
4.4.2. Intimidade e espazos de atención	37
4.4.3. Trámites burocráticos	39
4.4.4. Tempos de agarda.....	40
4.5. Aspectos positivos sobre os servizos sociais.....	41
4.6. Aspectos a mellorar nos servizos sociais	42
4.7. Terceiro sector e outros actores implicados.....	43
4.8. Valoración por parte do persoal técnico	45
4.8.1. Cobertura de necesidades	45
4.8.2. Obstáculos no acceso ós servizos sociais	46

4.8.3.	Tempos de agarda.....	46
4.8.4.	Terceiro sector	47
4.8.5.	Aspectos a mellorar nos servizos sociais.....	48
5.	Conclusionés	49
5.1.	Propostas de mellora	51
6.	Bibliografía e anexos	52
6.1.	Bibliografía.....	52
6.2.	Anexos.....	57
6.2.1.	Cuestionario persoas migrantes.....	57
6.2.2.	Cuestionario profesional dos servizos sociais	58
6.2.3.	Cuestionario profesional terceiro sector	59
6.2.4.	Transcrición entrevista a PME_1	60
6.2.5.	Transcrición entrevista a PME_2	76
6.2.8.	Transcrición entrevista a PME_5	112
6.2.9.	Transcrición entrevista a PME_6	128
6.2.10.	Transcrición entrevista a PME_7	139
6.2.11.	Transcrición entrevista a TSC_1	148
6.2.12.	Transcrición entrevista a ESE_1	160

1. Introducción

Este traballo de fin de mestrado ten como obxectivo analizar a relación entre as persoas migrantes residentes na cidade da Coruña e os servizos sociais comunitarios. Tamén ten como obxectivo testar a eficacia do sistema de protección social en relación á cobertura de necesidades da poboación migrante.

Este traballo é unha investigación exploratoria na que se emprega un enfoque metodolóxico cualitativo. É un proxecto que se desenvolve no campo dos servizos sociais e a intervención social e que pretende ter un dobre impacto: unha pegada a nivel académico debido á singularidade da temática, xa que é un estudo de caso sobre inmigración e servizos sociais no ámbito local, e un impacto institucional polas propostas de mellora resultantes da investigación.

Para afondar nos antecedentes teóricos publicados sobre esta cuestión, se revisaron as principais fonte de referencias bibliográficas. A temática, a relación das persoas migrantes cos servizos sociais, non foi estudada por un número moi amplo de autores e autoras, mais no caso do Concello da Coruña non se atoparon traballos similares nin que fagan a mesma aproximación. Non é unha temática sen explorar, pero ten potencialidade para realizar unha investigación novidosa.

O obxectivo deste traballo é coñecer a percepción das persoas migrantes residentes na cidade da Coruña sobre o acceso ós servizos sociais do concello. Este traballo dispón de dous obxectivos xerais e tres obxectivos específicos.

Obxectivos xerais:

- Coñecer o nivel de acceso da poboación migrante ós servizos sociais do Concello da Coruña.
- Identificar o grao de satisfacción da poboación migrante usuaria dos servizos sociais do Concello da Coruña.

Obxectivos específicos:

- Analizar os obstáculos de acceso ós servizos sociais percibidos por parte da poboación migrante.
- Determinar a efectividade na resolución dos problemas expresados polas persoas migrantes usuarias dos servizos sociais do Concello da Coruña.
- Suxerir propostas de mellora na atención ás persoas migrantes usuarias dos servizos sociais comunitarios do Concello da Coruña.

A xustificación desta investigación baséase na necesidade de coñecer se os servizos sociais están a dar unha resposta áxil e resolutiva ás necesidades da poboación migrante da cidade da Coruña. As políticas sociais deben estar deseñadas para cubrir á totalidade da poboación, pero especialmente a aquelas capas da sociedade que se atopan en situacións de maior vulnerabilidade por razóns de orixe, raza, sexo, orientación sexual ou calquera outro motivo de discriminación na sociedade actual.

Neste sentido, a poboación migrante participa menos na toma de decisións colectivas, non só a través da política institucional, senón que tamén está menos presente no tecido asociativo do Reino de España. Esta invisibilización social que sofren leva a que todo traballo que poida poñer na axenda pública o debate sobre a súa situación sexa necesario e útil.

2. Marco teórico

2.1. O Estado do benestar

Dentro da estrutura estatal, as políticas sociais son o mecanismo encargado de redistribuír a riqueza máis importante dun país. Estas poden asegurar a protección social dos seus habitantes e diminuír as desigualdades no interior da sociedade (Navarro e Quiroga, 2004).

Para coñecer de que falamos cando nomeamos ó Estado do benestar, é preciso facer unha breve revisión histórica da súa orixe.

A gran crise dos anos trinta e a Segunda Guerra Mundial foron os motores do establecemento en occidente, e especialmente nos países europeos, dun sistema de solidariedade social que aspirou a corrixir as inxustizas do chamado “capitalismo espontáneo”, no cal o Estado sería paulatinamente considerado como responsable do progreso social da poboación: é a idea do “Estado providencia”, “Estado do benestar” ou “Estado benefactor” (Farge Collazos, 2007).

Este momento de inicio de novos modelos de gobernanza e de instauración dun sistema de protección social, especialmente nos modelos británico e alemán, malia as diferenzas, non deixan de ser expresións dun capitalismo avanzado que toma forma en Occidente, especialmente nalgúns países de Europa. Montagut (2014) indica tres esferas de análise para explicar o xurdimento destes novos modelos, que xa desde finais do S.XIX buscan dar resposta ós desequilibrios e problemas socioeconómicos dos países:

- a) Cambios sociais. Os sectores máis débiles da sociedade atopábanse condenados á miseria e a marxinación. A necesidade de paliar a presión social que podía desembocar en revoltas levou a establecer as primeiras medidas de protección social. Temos o exemplo no conxunto de programas de reformas sociais establecidos en Alemaña, tendo como resultado a primeira lexislación social coñecida como *Lexislación Social de Bismarck*.
- b) Cambios políticos. A instauración do sufraxio “universal” -unicamente masculino durante o S.XIX, transformándose en realmente universal a comezos do S.XX- levou a que teña representación a poboación que estaba de facto excluída por non poder exercer o dereito ao voto, e, polo tanto, os gobernos electos tamén tiñan que legislar mirando polos intereses desas capas da poboación. Montagut (2014) indica que a revolución soviética de 1917 foi un sinal de alerta para os países capitalistas, xa que amosaba que existían alternativas ao sistema capitalista.
- c) Cambios económicos. A crise económica iniciada en 1929 e os estancamentos previos recorrentes da economía levan a cuestionar o paradigma do liberalismo. O *laissez faire* non é capaz de dar resposta ás necesidades de protección social.

Tendo en conta que o Estado do benestar está enmarcado nun contexto capitalista, a súa lóxica ten dous obxectivos: garantir un crecemento económico continuo a través de potenciar o consumo de amplas capas da poboación e establecer unha garantía de mínimos de protección social á poboación para que o consumo sexa posible. Para que a súa

creación fose posible, se deron certas características explicitadas por Montagut (2014). A primeira é o pacto social entre goberno, traballadoras e traballadores e empresariado, no que se outorga ó Estado certas funcións intervencionistas a nivel económico e social. A segunda característica está relacionada coa creación dun modelo de economía mixta, onde o Estado regula a economía, e, a través do gasto público, intenta manter taxas constantes de plena ocupación. Á súa vez, conviven empresas privadas e empresas públicas. A terceira característica é a universalización da protección social, xa que será toda a poboación a que recibirá a atención do Estado. Esta política económica keynesiana busca a redistribución da riqueza e a mellora da calidade de vida de toda a poboación. Esa mellora é a cuarta característica: a extensión dos dereitos sociais, que abren o camiño cara a plena cidadanía en termos de dereitos civís, políticos e sociais.

O Estado do benestar materialízase na política social que desenvolve. Segundo Marshall (1965, en Montagut, 2014) a política social é unha intervención pública que ten como obxectivo ter un impacto directo no benestar da cidadanía, a través de servizos ou ingresos económicos. Montagut (2004, en Alemán e Ramos, 2020) indica que ten como finalidade *“paliar determinados desequilibrios ou problemas sociais, ou dunha forma máis modesta, perseguir obxectivos que xeralmente son percibidos como resposta a tales problemas”*.

Segundo González Rabanal (2020), os Estados do benestar están ao servizo de tres prioridades fundamentais: proporcionar seguridade económica á cidadanía ó externalizar cara o sector público aqueles custos que antes estaban internalizados nos individuos e nas familias, reducir as desigualdades sociais e combater a pobreza.

Respecto á primeira prioridade, configúrase como un dereito político, non caridade. Para isto, garante unha renda mínima e outras prestacións de carácter económico como as pensións, as prestacións por desemprego ou incapacidade, axudas familiares ou o subministro gratuíto de bens e servizos.

A segunda prioridade, a redución da desigualdade, persigue reducir o nivel de concentración da renda, incrementando a contía nos grupos con menores ingresos. González Rabanal (2020) indica que estas prestacións poden provocar algúns efectos perversos como perpetuar a concentración desa redistribución de rendas nas clases medias, xa que están mellor informadas. Este tipo de consecuencias coñécese como “efecto Mateo”, onde aquelas persoas con maior acceso a información son as que

finalmente solicitan máis prestacións e, polo tanto, obteñen máis recursos (Rondón, 2004). Outro efecto indesexable deste obxectivo pode ser precisamente o contrario: aumentar a desigualdade. Isto sucede cando o Estado do benestar potencia máis os servizos dirixidos a amplas capas da sociedade -co obxectivo de facelas, de certa forma, universais- en lugar de potenciar as prestacións ou transferencias directas, que son dirixidas a aqueles colectivos que realmente están en situación de pobreza e desigualdade (González Rabanal, 2020).

O último obxectivo, a loita contra a pobreza, artículase a través de políticas de desemprego, de rendas mínimas e de protección ás familias.

2.2.O Estado do benestar en España

Ata a chegada da democracia ao Reino de España, non podemos falar dun Estado do benestar que se asemelle aos modelos de protección social establecidos noutros países europeos ao longo do S.XX. Previamente, o modelo asistencial do franquismo era un modelo corporativista despótico que se caracterizaba por un gasto social insuficiente. Ademais, a financiación do sistema recaía case na súa totalidade sobre a clase traballadora e os patróns, e había un desenvolvemento insuficiente dos servizos sociais. As coberturas por desemprego eran moi reducidas e non existían outras rendas de subsistencia, entre outras carencias (Moreno e Sarasa, 1992).

Alemán e Ramos (2020) indican que o sistema de protección social español ten varios momentos clave: a Transición política, a pertenza á Unión Europea, a última crise económica e o posterior desenvolvemento. A chegada da democracia e a aprobación da Constitución española foron o punto de partida para o desenvolvemento do Estado do benestar por dous motivos. O primeiro, o recoñecemento no texto constitucional duns dereitos fundamentais como a educación, a sanidade, a vivenda, o benestar social, etc. O segundo motivo é o establecemento do coñecido como “a España das Autonomías”, na que se transfere ás Comunidades Autónomas as competencias en materia de benestar.

Cómpre entender a importancia do recoñecemento de dereitos derivados do texto constitucional, xa que o ámbito subxectivo destes foi parte fundamental do movemento de reforma dos servizos sociais. Nese momento aspirábase ao universalismo, que segundo

Casado (2006), “se contraponía ao ámbito selectivo e marxinalista da Beneficencia e da Asistencia Social, o cal excluía a amplas capas de poboación, non pobre, pero tampouco adiñeirada, e comportaba risco de estigmatización social.” Segundo o autor, o universalismo racharía coas dinámicas propias da Seguridade Social contributiva, única existente nese momento e axustada a un perfil moi concreto da poboación.

Coa chegada da democracia, pero especialmente a partires dos anos oitenta, o Reino de España tivo que afrontar o reto de modernizarse económica e politicamente, influenciado polos países europeos e a Unión Europea. Para que isto fose posible, integrouse na Unión Europea e puxo en marcha o seu modelo de Estado do benestar (Montagut, 2014). A autora indica que nesta década comeza unha etapa de modernización vinculada ao proceso democrático iniciado no ano 1978, onde existe un consenso sobre a necesidade de ampliar o sector público e de crear políticas de redistribución de renda. Desde ese momento foise desenvolvendo o Estado do benestar, pero con certo retraso en comparación cos veciños europeos. O sistema de protección social español aínda era incipiente cando o resto de países da Unión Europa xa estaban a desenvolver políticas de gasto público a mediados dos anos 90 (González e Del Pino, 2017, en Alemán e Ramos, 2020).

A crise financeira de 2008 causou que o desenvolvemento do sistema se frease como consecuencia das medidas de austeridade impostas polos gobernos e pola Unión Europea, xusto nun momento no que as altas taxas de desemprego e vulnerabilidade social asociadas á crise levaban á necesidade de ter un sistema de protección social sólido.

Tras pasar os anos de crise, na última década a Unión Europea revisou as súas prioridades en materia de política social e se centrou, entre outras cousas, na loita contra a pobreza e a exclusión social, tratando de reducir en 20 millóns esa taxa. Neste sentido, a UE creou un sistema de axudas para os países que máis sufriron as consecuencias da crise de 2008, sendo sobre todos os países do arco mediterráneo os máis beneficiados por estas axudas (Alemán e Ramos, 2020).

Durante a pandemia do COVID-19, o sistema de protección social amosou de novo a súa febleza para atender todas as necesidades existentes. A pandemia sacou á luz problemáticas que xa eran evidentes durante os últimos anos: os cambios no mercado de traballo cun aumento da precariedade e un desemprego cronificado, unha economía baseada fundamentalmente en sectores produtivos ligados ao turismo e o enfraquecemento das redes de apoio mutuo. Neste sentido, a emerxencia sanitaria

constatou a necesidade de fortalecer os mecanismos de protección universal (INAP, 2021).

Alemán e Ramos (2020) indican que o modelo de Estado do benestar que caracteriza ó Reino de España é o sureño, baseado na familia. Este modelo, propio dos países do sur de Europa, considérase híbrido, xa que participa dalgunhas características do modelo bismarckiano e do modelo socialdemócrata. Do modelo bismarckiano garante o principio ó acceso á protección -sempre e cando se cumpra o requisito de ser unha persoa traballadora-, e a sobreprotección das persoas xubiladas fronte á poboación activa. Do modelo socialdemócrata permite a coexistencia de prestacións como a sanidade e a educación universais (González Rabanal, 2020). Neste modelo, o Estado cubre unha pequena parte das necesidades, xa que asume que unha parte da asistencia é informal e é realizada a través da rede familiar (Alemán e Ramos, 2020). Segundo expresa Rendueles (2020), un dos legados máis duradeiros do franquismo foi a transformación de España nun país socialmente desarticulado, cunha profunda solidariedade familiar.

2.3.Servizos sociais

Un dos piares do benestar que derivan das políticas sociais executadas polo Estado do benestar son os servizos sociais. Estes son a materialización das políticas de benestar e permiten á cidadanía percibilos como a forma máis concreta do Estado do Benestar. Son o conxunto de servizos, accións e prestacións dirixidos a promover o benestar social do conxunto da poboación a través de información, prevención, promoción, atención e axuda ás persoas, grupos e comunidades vulnerables. Estes supoñen unha resposta ante situacións de necesidade a todos os niveis: individual, familiar, social ou comunitario (Alemán e Ramos, 2020).

Segundo Alemán e Soriano (2013), a primeira actividade dos servizos sociais trala volta da democracia foi a atención ás persoas emigrantes españolas que retornaban ó país. Isto supuxo que os concellos comezasen desenvolver e consolidar os servizos sociais, coa mellora dos equipamentos, dos servizos e a calidade de vida dos municipios, co obxectivo de reter a poboación neles.

A existencia dos servizos sociais está respaldada pola diversa lexislación vixente, entre a que se atopa a Constitución española, a lexislación básica e o réxime económico da Seguridade Social, a Carta Social Europea, a Lei de Bases de Réxime Local ou as diferentes lexislacións autonómicas. Será o desenvolvemento dos Estatutos de Autonomía, xunto coa aprobación das leis autonómicas de Servizos sociais as que regularán o sector (Alemán e Ramos, 2020).

Na Constitución española os servizos sociais non quedan regulados explicitamente, xa que o artigo 148 indica que a asistencia social é unha competencia exclusiva das Comunidades Autónomas. O que expresa a Constitución e senta as bases do sistema de protección social é o seguinte:

Artigo 41. Os poderes públicos manterán un réxime público de seguridade social para todos os cidadáns, que garanta a asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade, especialmente en caso de desemprego. A asistencia e prestacións complementarias serán libres. (Constitución española, 1978)

Segundo indica Montagut (2014), o desenvolvemento dos servizos sociais realízase a tres niveis:

- a) Administración central. Intervenían distintos organismos como o Ministerio de Traballo e Economía Social, o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións ou o Ministerio do Interior, entre outros.
- b) Administracións autonómicas, que foron asumindo as competencias que contemplaba a Constitución e promulgando leis específicas. No caso galego, é competencia da Consellería de Política Social e Xuventude.
- c) As administracións locais superiores a 20.000 habitantes, segundo a Lei de Réxime Local.

2.4. Servizos sociais en Galicia

Na mesma liña do establecido na Constitución española, pero trinta anos despois, na Comunidade Autónoma de Galicia apróbase a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos

sociais de Galicia. Esta norma proporciona un marco xurídico autonómico á protección social, explicitando no artigo 1 o seu obxecto:

2. Mediante esta lei os poderes públicos galegos garanten como dereito recoñecible e exixible o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectiva das súas necesidades, co fin de posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impiden ou dificultan a súa plenitude e facilitando a participación de todas e todos na vida política, económica, cultural e social.

Esta lexislación tamén establece o papel que xogan os concellos na prestación dos servizos sociais. No artigo 60 da Lei 13/2008, sobre as competencias dos concellos, indica o seguinte:

1. De conformidade co previsto nesta lei e na lexislación aplicable sobre réxime local, correspóndenlles aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, as seguintes competencias:

a) A creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos.

b) A creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59º i).

c) A colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, así como a promoción de mecanismos de coordinación das actuacións realizadas por elas, evitando no posible a duplicidade e infrutilización dos equipamentos sociais.

Indican no texto da norma que se estrutura o sistema galego de servizos sociais en forma de rede, de conformidade con dous niveis de atención, no que se diferencian os servizos comunitarios, que comprenden, á súa vez, dúas modalidades. Por unha banda, os servizos sociais comunitarios básicos e específicos, sendo os primeiros unha exixencia universal para a Administración local galega e un elemento clave para garantir o acceso ao sistema galego de servizos sociais. Pola outra banda, os servizos sociais especializados, que, segundo o texto da lei, están referenciados a un sector de poboación ou a unha necesidade determinada que demandan unha maior especialización técnica, unha especial intensidade na intervención ou unha base territorial de intervención de carácter supramunicipal.

Os servizos sociais comunitarios son xestionados desde o ámbito local e van dirixidos a toda a poboación. O seu obxectivo é a información, a orientación, a prevención, a inserción sociolaboral e a axuda a domicilio. Os servizos sociais especializados son os dirixidos a grupos da poboación con necesidades específicas, entre outras, a poboación migrante (Alemán e Ramos, 2020).

É o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. No artigo 2 indica a natureza dos servizos sociais comunitarios:

1. De acordo co expresado no artigo 9 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, os servizos sociais comunitarios, de carácter predominantemente local, están referidos a un territorio e a unha poboación determinados e constitúen o punto de acceso normalizado e o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais.

2. Os servizos sociais comunitarios garanten:

a) O dereito de acceso universal ao sistema galego de servizos sociais nos termos recoñecidos no artigo 5 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia.

b) A proximidade ás persoas usuarias e ás súas familias.

c) O carácter integrador e coordinado de toda intervención social realizada con persoas ou grupos diversos.

d) A intervención social personalizada nun contorno normalizado e, cando sexa o caso, a prescrición técnica para a derivación ao servizo social especializado máis idóneo ou a outros sistemas de protección social.

e) A prevención comunitaria dos problemas sociais.

f) A promoción e organización da solidariedade social na comunidade en que actúan.

Unha vez coñecida a estrutura xurídica e normativa que sustenta ó sistema de protección social, e especialmente os servizos sociais como primeira liña de atención ás persoas en situación de vulnerabilidade, cómpre coñecer o perfil de poboación que son obxecto desta investigación: a poboación migrante.

2.5. A vulnerabilidade do colectivo migrante

As persoas migrantes son aquelas que se desprazan a un país distinto daquel no que naceron co obxectivo de establecer alí a súa residencia. En moitas ocasións, trátase de persoas nacionais de Estados cun baixo nivel de desenvolvemento socioeconómico e que, polo tanto teñen unhas condicións de vida desfavorables e emigran cara a outros países cunha mellor situación (Borrego Peña, 2023). Neste traballo centrámonos neste perfil de persoa migrante.

A persoa migrante é un ente construído socialmente e fraccionado institucionalmente. Aféctalle a Lei de Estranxeiría á vez que o funcionamento dos servizos sociais ou as leis de carácter laboral, sen esquecer as políticas culturais e interculturais establecidas na comunidade onde vive (Millán e Gómez, 2016).

Seguindo o expresado por Fernández Esquivel e Román Fajardo (2021), o concepto de migración como desprazamento xeográfico resulta ser moi limitado, xa que teóricos como Alain Tarrius (2000, en Fernández Esquivel e Román Fajardo, 2021) sinalan que “o cambio de espazo trae consigo tamén transformacións de xerarquías sociais, prestixios, apropiación territorial, novos hábitos e por suposto de identidades circulatorias”, así como unha carga ideolóxica que se manifesta en discursos hostís que afectan á vida diaria das persoas migrantes nunha comunidade.

O modelo de protección social ten que afrontar o reto de prestar atención ás necesidades de toda a poboación, especialmente aquela en situación de risco de exclusión social ou aquela que xa se atopa en exclusión. Seguindo co expresado por Castel et al. (2013), vencellados á condición de persoa migrante podemos detectar o risco social, derivado da falta de emprego -e polo tanto, dos recursos económicos que deste derivan-, e a poboación de risco, que son aqueles riscos asociados a individuos ou grupos sociais concretos.

Entendendo ás persoas migrantes como un grupo vulnerable, Presno Linera (2022) indica que as causas da vulnerabilidade son flutuantes, xa que dependen de transformacións sociais, económicas, políticas, culturais e xurídicas. Á vez, dentro dun grupo en principio vulnerable, pode haber persoas que non o sexan.

O autor tamén alude a que a Constitución española non menciona a vulnerabilidade dos grupos ou as persoas nin tampouco alude de maneira expresa á súa protección xurídica,

aínda que si prevé mecanismos de amparo por parte das institucións para grupos que hoxe consideramos vulnerables.

Segundo Maldonado et al. (2018), a condición de persoa migrante, en particular en situación irregular, interactúa con outros eixos e factores xerando desigualdade en varios ámbitos. Os autores identifican varios eixos que estruturan enormes fendas de desigualdade, como o xénero, a pertenza étnico racial, a idade, o territorio de orixe e destino e o estatus socioeconómico. Estas vulnerabilidades se destacan en momentos históricos de crise, onde indicadores como o desemprego afectan máis á poboación migrante. Como exemplo, no ano 2012 a taxa de risco de pobreza das persoas estranxeiras non comunitarias duplicaba á da poboación nacional (DePalma et al., 2018).

O eixo xénero ten moita relevancia para entender a vulnerabilidade que presenta o colectivo migrante. Segundo a Enquisa de Condicións de Vida (2022), a taxa de risco de pobreza feminina superaba nun 1,3% á taxa de risco de pobreza masculina, polo que podemos falar da existencia dun proceso de feminización da pobreza. Son varias as causas. Como expresan Kaen e Lencina (2017), as barreiras para inserción laboral das mulleres non responden directamente a prácticas de discriminación aberta, senón a barreiras de carácter ideolóxico e cultural. Consecuencia disto, xérase emprego de baixa cualificación e que non ofrece estabilidade ás mulleres. Todo isto fai que o subemprego das mulleres teña un carácter estrutural e non conxuntural.

Do amplo número de perfís que acceden ós servizos sociais, as mulleres son un grupo a ter en conta pola súa relevancia. Historicamente, as mulleres tiveron e teñen na actualidade unha relación moi estreita cos servizos sociais. En primeiro lugar, porque sobre elas recaeu a rede informal dos servizos sociais, porque foron as provedoras tradicionais dos coidados na nosa sociedade (SIIS, 1992, en López González et al., 2019). Neste sentido, a súa maior relación cos servizos sociais ten sentido polo seu papel de “coidadoras informais”, xa que suplen as necesidades non cubertas polo sistema co seu tempo, dispoñibilidade e traballo. Doutra banda, desde o punto de vista da demanda de servizos sociais, as mulleres hoxe son o grupo de poboación máis relevante en termos cuantitativos (López González et al., 2019).

A cifra de mulleres usuarias dos servizos sociais confirma estas afirmacións. Do total de persoas usuarias dos servizos sociais no Reino de España no ano 2020, o 58,57% eran

mulleres. No caso de Galicia, a cifra é moi similar e incluso superior, sendo dun 58,96% (Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, 2021).

A vulnerabilidade da poboación migrante é un conxunto de factores sociais, políticos e económicos como a segmentación e segregación do mercado laboral (Moreno-Colom e De Alós, 2016, en Fernández Suárez, 2018), a distribución das competencias entre administracións e o carácter contributivo do Estado do benestar, o cal protexe máis ás persoas autóctonas que ás foráneas. Froito da situación do mercado laboral, o desemprego pode implicar unha alta probabilidade de vulnerabilidade social (Fernández Suárez, 2018).

Como mostra da vulnerabilidade asociada ós procesos migratorios, a Enquisa de Condicións de Vida do ano 2022 indica que a porcentaxe de persoas por baixo do limiar de risco de pobreza ou exclusión social era do 21,9% para persoas autóctonas, do 39,6% para persoas estranxeiras da Unión Europea e do 60,4% para as persoas cuxa nacionalidade non era dun país da UE.

Outra causa da vulnerabilidade presentada no colectivo migrante é a falta de dereitos asociada a unha situación administrativa irregular. Como indica Montagut (2014):

“Cidadanía é un concepto forxado inicialmente na cidade. Eran as institucións locais as que configuraban os dereitos e deberes ós homes libres que nelas habitaban. O concepto actual de cidadán está ligado á constitución do Estado moderno. É o Estado o que vincula cidadanía con nacionalidade.”

A autora fai fincapé nos retos que afronta a sociedade para dar resposta ás diferenzas notables entre cidadanía de dereito e cidadanía de feito segundo sexa o país de nacemento da persoa.

Na súa dimensión político institucional, a condición de persoa en situación administrativa irregular impón unha limitación estrutural no acceso a protección social e ó benestar que dela deriva, así como o acceso a un dereito humano como a identidade xurídica (Maldonado Valera et al., 2018).

Se o feito de ser unha persoa migrante xa é un obstáculo para ter uns estándares de vida asimilables ós dunha persoa autóctona, o feito de estar en situación irregular supón unha dobre ou tripla barreira. En ambos casos, existe unha barreira cultural e de renda, que,

como indica Rendueles (2020), *“se a persoa que necesita axuda é aproximadamente similar a nós, incrementase moito a probabilidade de que a axudemos”*.

2.6. O fenómeno migratorio a Galicia

Galicia é unha terra onde historicamente se produciron fortes procesos migratorios, tanto de saída como de entrada. Segundo indica Núñez Seixas (2002, en DePalma et al., 2018), *a emigración como feito social forma parte da identidade social e cultural construída en torno á idea de Galicia*.

Desde mediados do S.XIX ata mediados do S.XX produciuse un proceso migratorio cara Latinoamérica desde Galicia que se pode considerar hexemónico, debido á cantidade tan importante de persoas que migraron, tendo isto consecuencias importantes na poboación residente en Galicia. É a partir dos anos sesenta cando se produce un cambio no fluxo migratorio, o cal se empeza a dirixir cara Europa, especialmente a países como Suíza, Alemaña, Francia, e en menor medida, Inglaterra (DePalma et al., 2018).

Máis de dous millóns de persoas migrantes galegas buscaron un futuro noutras latitudes. Malia que houbo dous períodos de retorno de persoas migrantes galegas -entre o ano 1960 e 1985-, cun retorno particularmente importante de persoas que emigraron a Europa, non foi ata mediados dos anos oitenta, e especialmente nos anos noventa, cando se incrementa o volume de persoas migrantes retornadas a Galicia. Isto provoca que se inverta o saldo migratorio, pasando a ser maior o número de inmigrantes que de emigrantes. Durante a década dos noventa, un terzo das persoas migrantes que chegaban naceran no estranxeiro, amosando así as altas cifras de retorno da galegitude no exterior e a chegada de retornados de segunda xeración. É a partir da entrada no S.XXI cando se produce unha entrada en Galicia de inmigración internacional (DePalma et al., 2018).

Segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE), Galicia contaba en 2022 cunha poboación de case 2,69 millóns de habitantes. Desta cifra, só o 4,38% da poboación é migrante, situando a Galicia na cola en porcentaxe de poboación migrante residente, só por encima de Estremadura (INE, 2023). Galicia caracterízase en termos demográficos por unha baixa fecundidade e un elevado envellecemento da poboación. Tendo en conta estas características, Galicia amósase como un territorio con baixo potencial de atracción

para as persoas migrantes, pero, á vez, en situación de precisar a chegada de persoas migrantes para compensar o seu saldo vexetativo negativo (DePalma et al., 2018).

A poboación migrante residente en Galicia é clasificada por DePalma et al. (2018) en tres tipos:

- a) Persoas migrantes relacionadas coa migración galega a Europa (Alemaña, Francia, Suíza ou Inglaterra) ou a Latinoamérica (Arxentina ou Uruguai -algunhas delas con nacionalidade italiana-, Cuba e Venezuela). No caso venezolano coinciden dous perfís: a inmigración primixenia, descendente da emigración galega, e as novas chegadas de persoas que saen do país por causas político-económicas, moitas delas como solicitantes de protección internacional.
- b) A inmigración fronteriza portuguesa, asentada principalmente no sur de Galicia.
- c) Persoas migrantes sen lazos previos con Galicia. En Galicia principalmente hai poboación de orixe romanese, brasileira, marroquí, colombiana, senegalesa, dominicana ou chinesa.

Do total de actuacións recollidas pola Memoria 2020 do SIUSS (Sistema de Información de Usuarios/as de Servizos Sociais), último ano do que se dispón de datos publicados, na Comunidade Autónoma de Galicia a porcentaxe de atención a persoas migrantes, refuxiadas e solicitantes de asilo foi do 5,76%, supoñendo un incremento do 2,36% desde o ano 2015. Isto amosa a necesidade de facer unha análise profunda da situación dos servizos sociais para mellorar a súa eficacia ante un incremento da chegada de persoas migrantes a Galicia.

2.7. Servizos sociais e migracións

Cada vez máis, as persoas migrantes, e especialmente as extracomunitarias, representan unha proporción significativa das persoas usuarias dos servizos sociais. Isto converte a este grupo nun contexto relevante para examinar as tensións e desafíos que emerxen ao acceder aos dereitos sociais establecidos na Constitución española. Ademais, ofrece unha oportunidade única para observar de preto as transformacións aceleradas nos patróns de migracións (Montagud e Torres, 2002).

A institucionalización das políticas de integración de persoas migrantes foi un proceso no que se crearon unha serie de medidas tanto a nivel de medios materiais como de

regulacións co propósito de lograr a incorporación de persoas migrantes na sociedade de destino (DePalma et al., 2018). Como expresa Fernández Suárez (2018), esa integración na sociedade de destino é un tema amplamente tratado pola socioloxía das migracións e os estudos étnicos.

O proceso de integración da nome a políticas específicas destinadas á poboación migrante residente nun territorio. Principalmente, estes programas de integración poden traducirse en inclusión social e cultural, mentres á vez foméntase certa tolerancia pola diversidade e o rexeitamento á segregación exclusión ou rexeitamento (Fernández Suárez, 2018).

Nas últimas décadas a inmigración se converteu nun tema presente na axenda política, e, polo tanto, se desenvolveron políticas públicas centradas nela, chegando a converterse nun termo a problematizar por parte dos gobernos. Gil Araujo (2010, en Fernández Suárez, 2018) indica que *“a lóxica gubernamental percibe e constrúe os obxectivos de actuación conforme se fosen enfermidades susceptibles de diagnóstico e cura”*. Neste sentido, continúa Fernández Suárez (2018), as políticas públicas para a integración de persoas migrantes buscan erradicar a anomalía da presenza de persoas foráneas no país.

Montagud e Torres (2002) indican que, a pesar de que a lexislación presenta aos servizos sociais xerais como un espazo universal sen nesgos poboacionais, na realidade e na percepción común, os servizos sociais convertéronse nun ámbito destinado a atender principalmente ás persoas máis necesitadas, é dicir, aos máis desfavorecidos economicamente. Cachón (2009, en Alemán e Soriano, 2013) distingue tres tipos de persoas migrantes: asentadas, precarias e indocumentadas. Seguindo esta clasificación, non todas as persoas migrantes son usuarias potenciais dos servizos sociais, do mesmo xeito que sucede coa poboación autóctona. Moreno e Bruquetas (2011, en Alemán e Soriano, 2013) indican que dentro das funcións dos servizos sociais *“atopamos os principais mecanismos asistenciais destinados a facilitar a integración social e a autonomía dos colectivos máis vulnerables que non poden acceder aos sistemas de protección social contributivos, e carecen de recursos económicos propios”*, polo que a poboación inmigrante diana, usuaria dos servizos sociais, serían as persoas migrantes precarias e indocumentadas.

Ademais, debido á situación obxectiva de necesidade social que afrontan moitas persoas migrantes, a atención á poboación inmigrante parece converterse nunha responsabilidade específica dos servizos sociais, xunto coas organizacións do terceiro sector, en lugar de

ser considerada como parte integral do Estado de Benestar e da sociedade receptora no seu conxunto (Montagud e Torres, 2002).

Isto ten relación co modelo *patchwork*, termo acuñado por Martínez de Lizarrondo (2009), fai referencia a como no Reino de España se articularon diferentes proxectos de integración que, segundo o autor, non presentan “*unha mesma lóxica coherente na acción: nin interautonómica, nin mesmo, a miúdo, intra-autonómica*”. Isto súmase á falta de articulación de mecanismos de cooperación entre distintos niveis da Administración pública, especialmente cando as autoridades autonómicas e locais, en colaboración con entidades da sociedade civil, xogan un papel fundamental na loita contra a discriminación, a desigualdade ou a cohesión social (Pinyol-Jiménez, 2021). Martínez de Lizarrondo (2009) indica que as diferentes políticas autonómicas “*non poden ser catalogadas como modelos autonómicos de integración, pero aparentemente dan pé á articulación dun modelo español.*”

Os municipios teñen a competencia de crear os servizos sociais básicos, e a través deles, xestionar diferentes servizos e programas relacionados coa presenza de persoas migrantes nesas localidades. Dentro dese catálogo de servizos, atópanse trámites como os procesos de reagrupación familiar, a realización do informe de arraigo social e informes de integración social para a renovación de autorizacións de residencia temporal e de traballo (DePalma et al., 2018).

Os concellos desempeñan un papel crucial na implementación das políticas de inmigración no nivel local. Isto é posible grazas a que os concellos teñen a capacidade formal para intervir en calquera ámbito de interese para a súa comunidade local. Non obstante, a capacidade real para levar a cabo estas accións está suxeita á dispoñibilidade de recursos materiais e humanos. En consecuencia, son os concellos medianos e grandes os que teñen maior capacidade de actuación (Ruano de la Fuente, 2021).

Ademais destas accións, é necesario que os concellos sexan plenamente conscientes do fenómeno migratorio e as súas repercusións. As primeiras medidas adoptadas polos gobernos locais neste sentido inclúen o padrón municipal, os informes de inserción social e os informes de vivenda adecuada, os cales son trámites administrativos fundamentais para o acceso a servizos esenciais como a sanidade, a educación, a vivenda e para a presentación de solicitudes de regularización ou reunificación familiar. Neste sentido, o padrón municipal é un instrumento básico que permite aos concellos coñecer a poboación

real e planificar a prestación de servizos públicos, sendo un requisito indispensable para a inclusión de persoas estranxeiras en situación irregular. O informe de integración social tamén é relevante, xa que permite demostrar que a persoa migrante ten lazos familiares ou sociais no territorio, un aspecto fundamental para acreditar o tempo de estancia no país. Ademais, un informe municipal negativo pode supoñer un obstáculo significativo para as persoas solicitantes de reunificación familiar (Ruano de la Fuente, 2021).

Non obstante, estas accións administrativas varían considerablemente entre os concellos, así como as diferenzas nos sistemas de acollida e integración. En primeiro lugar, só uns poucos concellos desenvolveron servizos específicos dirixidos á poboación inmigrante ou tentaron integrar os inmigrantes nos servizos sociais xerais para a comunidade en xeral. Aínda son menos os concellos que estableceron políticas de inmigración coordinadas e transversais, xa que isto require recursos e capacidade. De feito, só os concellos máis grandes foron capaces de deseñar políticas ambiciosas de acollida e integración, ben sexa con recursos propios ou en colaboración con organizacións, mentres que os concellos medianos e pequenos, que son maioritarios en España, en xeral só poden levar a cabo accións limitadas ou intentar integrar a poboación inmigrante en sistemas de protección social modestos.

Isto amosa a necesidade de establecer un sistema de reparto equitativo dos fondos para nivelar esas desigualdades entre concellos. A desigualdade tamén se pode ver nas diferenzas nos requisitos esixidos entre concellos para facer determinadas xestións, xa que a falta dunha definición ou regulación común dalgúns procesos leva a que os concellos establezan as súas propias condicións (Ruano de la Fuente, 2021). Isto foi estudado por Garcés (2011, en Ruano de la Fuente, 2021), quen atopou que nalgúns concellos empadroan a persoas que non teñen un domicilio fixo mentres noutros non o fan. Algúns concellos esixen un período mínimo de empadroamento para facer informes positivos de inclusión social, mentres outros non. Algúns concellos tamén poden esixir o coñecemento de linguas concretas, como o castelán ou calquera das linguas cooficiais.

No caso da Comunidade Autónoma de Galicia, as políticas sociais destinadas ás persoas migrantes sufriron moitos recortes trala crise económica de 2008. Os municipios galegos son a Administración pública encargada de xestionar os servizos sociais básicos, e nos últimos anos as axudas autonómicas para implementar programas específicos de atención á poboación estranxeira diminuíron, malia recibir a transferencia doutras administracións

para xestionar diversos trámites ligados á poboación migrante. Isto supón que se realicen moitas intervencións con este colectivo, pero con menos recursos (DePalma et al., 2018). Cómpre sinalar neste sentido que respecto ó total de persoas usuarias dos servizos sociais, a poboación migrante supón unha porcentaxe reducida, polo que fan escaso uso destes malia ter dereito a eles (Moreno e Bruquetas, 2011, en DePalma et al., 2018).

DePalma et al. (2018) indican que a inversión da Xunta de Galicia en políticas específicas para persoas migrantes varía moito en función do concello. O gasto por persoa estranxeira é moi dispar, indo desde os 180 euros ata os 0,50 euros. Isto amosa que os recursos están moi centrados nalgúns territorios, supoñendo un agravio comparativo entre concellos, e podería supoñer un factor a ter en conta á hora de escoller destino migratorio. Tendo en conta a importancia da inversión do goberno autonómico para desenvolver políticas efectivas, tamén é necesario coñecer a inversión que fai o propio concello.

2.8. Os servizos sociais comunitarios no Concello da Coruña

No Concello da Coruña, a entidade encargada dos servizos sociais é a Concellería de Benestar Social, Igualdade e Participación. Cun orzamento no ano 2021 (último ano con datos publicados) de 18.436.259,06 €, só se executou o 74,77% do orzamento, quedando máis dun cuarto do total do orzamento sen investir no mantemento ou mellora dos servizos sociais comunitarios (Concello da Coruña, 2022).

Os servizos sociais do Concello da Coruña teñen os seguintes programas e servizos, indicados na Memoria de Xestión Municipal do ano 2021:

- a) Servizos sociais comunitarios básicos
 - Servizo de información, valoración e orientación (SIVO)
 - Servizos domiciliarios e atención á dependencia
 - Programa de traballo con familias
 - Programa básico de inserción social
 - Programa de promoción e cooperación social con entidades
 - Programa de actividades socioculturais de prevención e cooperación social

b) Servizos sociais comunitarios específicos

- Programa municipal de inclusión social (PMIS)
- Programa de accións para a inclusión social da poboación xitana
- Programa de aloxamento temporal en vivendas de emerxencia social
- Aula CeMIT (Centro para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica)
- Servizo municipal de urxencias sociais (SEMUS)
- Programa de prevención de adiccións
- Programa de promoción da autonomía persoal
- Centro de Día Novoboandanza
- Programa de comedores municipais

Nos datos aportados pola Memoria de Xestión do Concello da Coruña (2022), cómpre resaltar algúns datos relevantes. Podemos constatar de novo a feminización da pobreza, xa que estes datos amosan unha porcentaxe de mulleres usuarias máis alta que a porcentaxe de homes. No total dos servizos, programas e centros dos Servizos Sociais do Concello da Coruña, un 60,43 % das persoas usuarias foron mulleres. Tamén na UAMI en cada un dos servizos de información e asesoramento (social, xurídico e laboral), o número de mulleres usuarias supera ó dos homes. Tamén cabe resaltar o tempo medio de agarda. No caso do servizo de información, valoración e orientación (SIVO), a media de demora de cita é de 31 días. Tamén chama a atención a redución de servizos, programas e proxectos de servizos sociais, pasando da cifra de 29 no ano 2019 a baixar a 21 no ano 2021. Tamén cómpre resaltar que entre o ano 2020 (ano de inicio da pandemia da COVID-19) e o ano 2021 prodúcese unha caída nas cifras de atencións nos servizos, programas e prestacións de servizos sociais como información presencial, entrevistas, visitas a domicilio, consultas e intervencións. Con todo, malia a baixada, a maioría de cifras melloran as obtidas no ano 2019, anterior ó inicio da pandemia.

Dentro do catálogo de programas dos servizos sociais non existe un programa ou servizo concreto para o colectivo migrante, polo que este colectivo accederá ós servizos sociais polos programas e servizos creados para a totalidade de potenciais usuarias e usuarios.

É dentro do Servizo Municipal de Igualdade e Diversidade onde atopamos a Unidade de Asesoramento ás Migracións (UAMI), a cal ten a función de atención integral á

poboación inmigrante e emigrante retornada. Dentro desta unidade, o maior número de atencións faise no servizo de información e asesoramento xurídico.

Na cidade da Coruña, segundo o IGE, a porcentaxe de poboación migrante é do 6,06% (datos de 2022), sendo esta cifra de 14.875 persoas, dun total de 245.468 (IGE, 2023). Tomando os datos aportados pola Memoria de Xestión Municipal de atencións na UAMI (1.848 persoas) e calculando a porcentaxe do total de poboación migrante na Coruña, obtemos a información de que aproximadamente o 12% da poboación migrante foi atendida nesta unidade. É unha cifra baixa tendo en conta a cifra de persoas migrantes en risco de pobreza, pero podería estar xustificada pola atención deste colectivo nas canles comúns de atención para toda a poboación nos servizos sociais.

Por todo o explicado anteriormente, faise necesario estudar como é o acceso e o grao de satisfacción do colectivo migrante cos servizos sociais, xa que estes son a expresión das políticas de benvida e de integración sociocultural que precisa toda democracia do S.XXI.

3. Metodoloxía

A metodoloxía escollida é a cualitativa, levándose a cabo a través das técnicas da revisión bibliográfica e a entrevista en profundidade.

O emprego da técnica da revisión bibliográfica pretende aportar unha base consistente que bebe das obras literarias e artigos científicos editados durante as últimas décadas ao respecto da temática que estamos a tratar. Ademais, a revisión bibliográfica permite ter unha visión ampla sobre a orixe do modelo de protección social vixente no Reino de España, e como este configura as políticas sociais na Comunidade Autónoma de Galicia e no Concello da Coruña. Tamén permite coñecer a poboación a estudo desta investigación, a comunidade migrante, desde un enfoque multidimensional, xa que as causas polas que estas persoas teñen que entrar en contacto cos servizos sociais comunitarios son diversas e complexas.

Foi escollida a técnica da entrevista semiestruturada en profundidade con preguntas semiabertas, para poder obter información de forma directa das persoas participantes. O obxectivo da escolla desta técnica é, tal e como expresa Corbetta (2007), coñecer a perspectiva do suxeito estudado, súas categorías mentais, interpretacións, percepcións e

sentimentos. En definitiva, comprender o fenómeno concreto a través da visión que do mesmo ten un suxeito ou suxeitos diferentes (Hernández, 2014). Ó ser unha entrevista semiestruturada, permite ó entrevistador formular a conversa nos termos que desexe, así como realizar as preguntas oportunas e pedir aclaracións, de ser necesario (Corbetta, 2007).

Foron realizadas nove entrevistas: sete a persoas migrantes e dúas a persoal técnico, unha das cales a unha profesional do Traballo Social dos servizos sociais comunitarios e outra a unha profesional da Educación Social dunha entidade do terceiro sector. As entrevistas leváronse a cabo de forma presencial. Para a súa realización, pediuse autorización a todas as persoas entrevistadas para poder utilizar a información obtida neste traballo de fin de mestrado. Os datos das persoas participantes foron anonimizados para respectar a súa privacidade, tendo en conta que o contido tratado nas entrevistas fai referencia a situacións de vulnerabilidade social e económica das persoas entrevistadas, e polo tanto é información sensible.

A través das entrevistas en profundidade con persoas migrantes usuarias dos servizos sociais e con profesionais dos servizos sociais, preténdese facer unha diagnose da situación para coñecer a efectividade na resolución das problemáticas que presenta o colectivo migrante na cidade da Coruña.

Para a elección das informantes chave migrantes como usuarias dos servizos sociais, tivéronse en conta estas variables:

- **Situación administrativa.** Participantes que se atopen tanto en situación administrativa regular como irregular, xa que o acceso a dereitos sociais e a diferentes prestacións do catálogo de servizos sociais está definido pola situación administrativa na que se atopa a persoa.
- **Orixe.** Contar con perfíles diversos que pertencen aos colectivos migrantes máis representativos na cidade da Coruña, xa que iso supón maior representatividade.
- **Tipo de migración.** Tense en conta o tipo de proceso migratorio levado a cabo pola persoa, xa que poden ser migrantes retornados, persoas refuxiadas, migrantes non comunitarios con permiso de residencia ou persoas en situación administrativa irregular, entre outros perfís.

- Para a escolla das informantes chave de persoal técnico dos servizos sociais que traballan con persoas migrantes, tivéronse en conta o tipo de entidade na que traballan, especialmente, se están traballando nos servizos sociais municipais ou forman parte de entidades do terceiro sector:
 - **Persoal dos servizos sociais comunitarios.** Ter en conta a súa visión sobre o acceso e o trato que reciben as persoas migrantes por parte dos servizos sociais.
 - **Persoal de entidades do terceiro sector.** Coñecer a súa valoración dos servizos sociais en relación á poboación migrante coa que traballan.

A continuación, neste cadro preséntanse os perfís entrevistados para este traballo:

Informantes chave usuarias dos servizos sociais							
Informante chave	Sexo	Idade	Orixe	Situación familiar	Situación laboral	Ano chegada a España	Situación administrativa
PME_1	Muller	73	Uruguai	Divorciada. 3 fillos	Xubilada	2002	Nacionalidade española
PME_2	Home	31	Siria	Solteiro. Sen fillos	Ocupado	2016	Permiso de residencia
PME_3	Muller	30	Romanía	Casada. 1 fillo	Ocupada	2003	Nacionalidade española
PME_4	Muller	37	Senegal	Casada. 3 fillos	Ocupada	2008	Permiso de residencia

PME_5	Muller	65	Venezuela	Divorciada. 1 fillo	Desempregada	1998	Nacionalidade española
PME_6	Muller	66	Arxentina	Solteira. 1 fillo	Ocupada, na economía informal	2001	Nacionalidade española
PME_7	Home	27	Marrocos	Solteiro. Sen fillos	Desempregado. Estudante de FP	2021	Situación administrativa irregular

Persoal técnico dos servizos sociais e do terceiro sector	
Informante chave	Perfil profesional
TSC_1	Profesional do Traballo Social nos servizos sociais comunitarios dun concello da comarca da Coruña
ESE_1	Educadora Social no proxecto de mediación intercultural e acompañamento social de SOS Racismo Galicia

Cómpre resaltar a maior presenza de perfís femininos entre as persoas entrevistadas polos motivos expostos anteriormente: as mulleres fan un maior uso dos servizo sociais, asumindo o rol de coidados e xestión económica dentro da familia.

Malia que a lingua empregada neste traballo é o galego, respectouse a lingua empregada polas informantes chave nos extractos resultantes das entrevistas. Tendo en conta que a poboación migrante fala maioritariamente en castelán, todas as respostas foron dadas en castelán. Para que os extractos fosen totalmente fieis ó expresado polas persoas participantes, non se traduciron ó galego. As entrevistas foron transcritas, e na posterior

análise fíxose unha categorización e codificación para poder responder ós obxectivos desta investigación.

O contacto coas persoas participantes foi relativamente doado, pois levouse a cabo por varias vías. Contactouse con dúas persoas a través de entidades do terceiro sector, e co resto, a través de contactos persoais con persoas migrantes.

4. Análise e discusión de resultados

Para que os resultados das entrevistas realizadas a informantes chave migrantes poidan ser explicados da forma máis clara posible, realizouse unha categorización das temáticas abordadas nelas. A categorización levada a cabo está relacionada coas temáticas traballadas no marco teórico e cos obxectivos de investigación.

4.1. Necesidades á chegada

4.1.1. Idioma

Unha das necesidades primordiais para as persoas migrantes que non teñen o castelán como lingua nativa é a aprendizaxe do idioma. Neste sentido, **PME_2 de orixe siria** destaca a relevancia da aprendizaxe do idioma como central no proceso de chegada:

“...lo primero fue el idioma, porque tú estás en un país donde estás empezando desde cero. No tienes conocimiento de nada, ni el idioma, ni cómo va a ser tu vida en el futuro, cómo va a ir la cosa y todo eso. Pero bueno, ya me puse directamente. De hecho, justo el primer mes que estuve en Madrid, ya empecé a estudiar español. Cuando llegué a Coruña, ya sabía el presente y cómo conjugar y más o menos así. (...) Y claro, al no tener idioma, tampoco eres capaz de tener contactos, ¿no?” (PME_2).

Na mesma liña, **PME_7**, informante de orixe marroquí, sinala que el xa tiña unha boa base do idioma porque estudou Filoloxía Hispánica en Marrocos e tiña unha alta afinidade coa cultura española.

“A ver, cuando cuentas con el idioma...no solo el idioma, también el tema cultural. Cuando sabes cómo es un país, cómo es una sociedad, cómo se trabaja. Pues a mí me resultó muy fácil, digamos, no me costó nada adaptarme. Y, al contrario, rápidamente, pues hice amigos” (PME_7).

4.1.2. Emprego

Outra necesidade amosada nos primeiros momentos no destino migratorio é o emprego para poder ter uns medios económicos que permitan ter unha vida digna. Esta necesidade colócase como a primeira preocupación das persoas migrantes cando chegan. Especialmente, a falta dunha rede de apoio na chegada é un factor que imposibilita o acceso ó mercado laboral. Esta dificultade de acceso ó emprego non só se da en persoas en situación administrativa irregular, senón que tamén afecta ás persoas que chegaron cun permiso de residencia. Todas as persoas entrevistadas teñen en común o feito de que chegaron á cidade sen emprego. No caso das persoas en situación administrativa irregular o acceso é moito máis complicado polos requisitos solicitados na Lei de Estranxeiría, xa que teñen que estar, como mínimo, dous anos residindo en España para poder acceder a un contrato de traballo. No caso dunha persoa con permiso de residencia ou nacionalidade, as trabas no acceso ó emprego son as propias do mercado laboral español, pero ademais se poderían engadir certas cuestións de prexuízo cara as persoas migrantes, racismo ou xenofobia.

Outro motivo de dificultade no acceso ó emprego é a falta de competencias lingüísticas, tal e como indica o informante de orixe siria **PME_2**: *“había que pasar primero el tema del idioma para poder ya empezar a buscar trabajo”*. A barreira idiomática tamén afecta a ambos de perfís de persoas migrantes (en situación regular e irregular) no acceso a un emprego. Como comenta a educadora **ESE_1**, nos servizos sociais comunitarios a falta de recursos de aprendizaxe do castelán ou galego fai que rematen recalando en entidades do terceiro sector que ofrecen cursos de idiomas gratuítos, pero que se atopan en situación de saturación pola alta demanda destes cursos.

Tanto **PME_5** como **PME_4** indican que tardaron varios anos en conseguir emprego. As situacións que relatan estas mulleres amosan un contraste relevante nas formas de subsistencia que presentan ambas. **PME_4** conta que tivo que botar man dos recursos

económicos derivados do emprego do seu marido. Isto contrasta coa situación que relata a muller migrante **PME_5**, xa que o seu sustento era a un recurso público como a axuda de retornado que percibía o seu marido.

Para a informante arxentina **PEM_6** esta cuestión foi complicada na súa chegada, malia que grazas ós contactos que tiña na cidade, conseguiu os seus primeiros empregos. Isto nos sinala a importancia das redes de apoio á hora de acceder ao mercado laboral en destino.

“Tremendo. Fue durísimo, durísimo. (...) ...por intermedio de este chico, el primo de mi amiga, él trabajaba en tribunales. Entonces, bueno, empezó a hablar con sus compañeras. Él decía, “tengo una prima que llegó a Argentina, necesita trabajar”. Bueno, el primer trabajo fue con una compañera de él, que me dio dos horas, tres veces por semana” (PEM_6).

Ante a pregunta de cales son as primeiras necesidades que amosan as persoas migrantes cando chegan, **ESE_1** destaca o emprego ao igual que a necesidade de lograr un estatus administrativo regular:

“Principalmente el encontrar un empleo. (...) Por regla general, es gente que lleva aquí unos meses y que se encuentra con una realidad que no es la que se esperaban, que necesitan encontrar un trabajo y regularizar su situación, que es lo más complicado, porque muchas veces no tienes nada por donde tirar y tienen que esperar los tres años hasta que se puedan regularizar”(ESE_1).

Esta testemuña de **ESE_1** reitera a maior vulnerabilidade asociada á situación administrativa irregular, e que dificulta moito máis o acceso ó emprego.

4.1.3. Vivenda

A vivenda é unha cuestión fundamental na chegada á Coruña. A maioría das persoas entrevistadas tiveron nalgún momento problemas tanto para atopar vivenda como para mantela. Das testemuñas obtidas, a maioría tiñan unha vivenda á súa chegada debido a que tiñan unha rede de apoio. O único caso no que o acceso á vivenda non se produciu é o de **PME_7**, que primeiro estivo nun albergue de forma temporal, e de aí pasou ó Fogar Boanoite, outro albergue de media e longa estancia, no que actualmente reside.

No resto de casos, a rede de apoio foi fundamental para atopar unha vivenda. PME_3, PME_4, PME_5 e PME_6 tiveron acceso a vivenda na súa chegada grazas ás persoas coñecidas que xa se atopaban na cidade. Esas persoas podían ser familiares ou formar parte do seu círculo de amizades. No caso de PME_5, comenta que non tiveron que facer a busca porque xa a fixera a súa sogra.

O que comentan as persoas entrevistadas amosa a importancia de ter boas relacións e contactos para poder cubrir unha necesidade básica como a vivenda. Ante a pregunta de se coñece a alguén que tivera problemas para atopar vivenda, PME_4 di que si: *“sí, tengo una amiga (senegalesa) que desde hace dos años está buscando piso y no encuentra. Entonces sigue en su piso donde está.”*

Con todo, algunhas persoas entrevistadas comentaron dificultades neste ámbito. Por exemplo, PME_3 indica que foi desafiuzada da vivenda de aluguer na que estaba por impago, tras unha disputa co propietario por non arranxar un problema serio de humidades.

No caso de PME_4, indica que tivo que deixar o piso porque o propietario quería reformalo para o seu fillo. É moi común no mercado do aluguer hoxe en día que algúns propietarios de vivenda utilicen esa escusa para romper unilateralmente os contratos. Polo tanto, sexa verdade ou non o motivo da rescisión do contrato, remata afectando á poboación migrante, e sobre todo a aquelas persoas que por descoñecemento da regulación non toma medidas ao respecto e abandonan a vivenda.

4.1.4. Rede de apoio

Cinco das sete persoas entrevistadas tiñan algún tipo de rede na Coruña á súa chegada. Normalmente é unha persoa cercana: familia, amizades ou contactos facilitados por persoas no país de orixe. Isto supuxo que a maioría tivesen unha vivenda á que chegar e unha orientación para dar os primeiros pasos no novo destino migratorio.

Só no caso dos homes entrevistados, non tiñan unha rede na cidade. No caso de PME_2 esa carencia de rede súplese polo apoio brindado por parte da entidade que xestiona a protección internacional na Coruña.

Para casos como o de **PME_6**, a rede de apoio que tiña na cidade foi fundamental para poder atopar vivenda a emprego, tal e como comenta:

“...yo me vine con mi hijo sola y venía al domicilio de un primo de una señora amiga mía. (...) Ella le había hablado por teléfono. Le dijo, “va a ir una amiga con un niño. Si vos pudieras, aunque sea...bueno, ubicarla, fíjate”. Entonces yo llegué a Alvedro, me cogí un taxi y me vine a esa dirección. Este muchacho, por supuesto, me llevó a su casa. Estuve ahí una semana en la casa de él. (...) Bueno, realmente fue un punto de apoyo tremendo” (PME_6)

A existencia dunha rede de apoio no destino migratorio supón unha vantaxe na chegada. Aquelas persoas que non a posúen pode atopar moitas máis dificultades para cubrir as necesidades básicas que de partida ten unha persoa migrante. A orientación nos diferentes recursos dispoñibles en termos de servizos sociais e terceiro sector permite obter o apoio das entidades tanto públicas como privadas existentes na cidade. Ademais, o establecemento dunha rede de contactos pode supoñer o acceso a emprego ou vivenda, polo que se poden cubrir certas necesidades básicas que presenta este colectivo. Estas son necesidades que pode presentar calquer persoa que chega á cidade, pero as persoas migrantes teñen que superar outras barreiras como o idioma, a discriminación e o descoñecemento de certas prácticas sociais e culturais que si coñece e non sofre unha persoa autóctona.

4.1.5. Situación administrativa

A situación administrativa da persoa migrante é un factor moi relevante, xa que a irregularidade preséntase como un motivo de vulnerabilidade. Iso non quere dicir que as persoas que chegan en situación administrativa regular, con permiso de residencia, nacionalidade ou solicitude de protección internacional non sufran situacións de vulnerabilidade, pero a falta de documentación dificulta en moitos casos a cobertura de necesidades básicas como o acceso ó emprego, á vivenda, algunhas prestacións dos servizos sociais ou a sanidade.

PME_3, e **PME_6** indican que chegaron a España en situación administrativa irregular.

*“Yo nací en Alemania, me inscribieron a los seis años en Rumanía, pero no me reconocía ninguno de los dos países como ciudadana de ese país. Yo no existía. Prácticamente no existía. Entonces **hubo un camino muy largo para hacer que por lo menos que existiera como ilegal y después existir de verdad.** Entonces fue un trayecto muy largo.” (PME_3)*

Outra forma de entrada no país é a través da reagrupación familiar. Foi o caso de **PME_4** e **PME_5**, que accederon ó permiso de residencia por estar casadas con persoas xa residentes ou que gozan de plenos dereitos no destino migratorio.

No caso de **PME_1**, atópase na dualidade de ter a cidadanía italiana, e polo tanto, garantido o permiso de residencia, pero, á vez, o seu marido, que chegou antes a España, está en situación irregular. Sen dúbida, debería ser unha situación temporal, xa que adquire o permiso de residencia por se cónxuxe dunha cidadá europea.

No caso de **PME_2** e **PME_7**, chegaron como solicitantes de protección internacional. No caso de **PME_2** esta solicitude prosperou e agora ten permiso de residencia. No caso de **PME_7**, a solicitude foi denegada e quedou en situación irregular. Respecto a esta forma de entrada no territorio español, **ESE_1** comenta o seguinte:

“Diría que más o menos el 70% de las personas que atendemos están en situación irregular. No tenemos cifras, pero es que ahora casi todo el mundo, la pauta al llegar aquí, es que llegan, y nada más llegar a España solicitan protección internacional. Incluso personas que ya llevaban aquí mucho tiempo están solicitando protección internacional. Después, para ver si les ha pasado los seis meses hasta que puedan trabajar y corren esa suerte. O sea, ahora mismo tampoco es muy realista, porque eso, casi todo el mundo que llega por la puerta, que lleve dos meses en España, ya te traen el papel de la solicitud de protección internacional.”

No mesmo sentido, **TSC_1** coincide co expresado pola técnica de SOS Racismo, sendo ese perfil de solicitante de protección o maioritario que están a atopar nos servizos sociais comunitarios. **TSC_1** expresa que estas persoas teñen que estar varios meses en situación

irregular ata que teñen a primeira cita e solicitan asilo, o que lles dificulta o acceso a todo tipo de recursos e servizos.

4.2. Motivos de acceso ós servizos sociais

PME_1 indica que o primeiro contacto que estableceu cos servizos sociais foi buscando asesoramento para crear unha asociación de persoas uruguaias na Coruña. Desde Ecos do Sur lles derivaron á UAMI para solicitar esa información. Chama a atención a premura por establecer redes de solidariedade e apoio mutuo entre compatriotas:

*“Bueno, el primer contacto fue, pero no por forma personal, fue porque cuando llegué a Coruña, **al mes y medio o dos meses estábamos montando una asociación de uruguayos, la primera que tuvimos acá en Coruña. (...) ¿Y esto por qué? Para nosotros tener información y poder asesorar a las personas que iban llegando, porque de eso se trataba la asociación en un principio, de colaborar en todo lo que podíamos con los recién llegados y darles toda la información precisa para que no tuvieran que andar saltando de un lado para el otro, porque en aquel momento llegaba muchísima gente que no tenía documentación legal.**” (PME_1)*

A nivel persoal, PME_1 indica que tivo que acceder ós servizos sociais en moitas ocasións ata que se xubilou cunha Pensión Non Contributiva. Con todo, este tipo de pensións obrigan a seguir en contacto coa Consellería de Política Social da Xunta de Galicia mínimo unha vez ó ano para ir renovándoa.

Respecto ó acceso ós servizos sociais, PME_1 fai patente o coñecido como “efecto Mateo”, no que as persoas con máis coñecementos sobre os procedementos son as que máis se benefician do sistema de protección social:

*“Hay una cosa que a veces, en algunos momentos a mí me hizo sentir un poco rara, un poco hasta mal, si querés, que era que era privilegiada yo, porque yo iba con un documento que me abría todas las puertas, a mí nadie me podía decir no. Y eso era una de las cosas que las vivía mientras estaban en las salas de espera, Porque yo con la experiencia de las asociaciones y todo lo que me iba enterando, que siempre me gustó saber las últimas novedades. **Igual estaba sentada en un***

grupo de siete u ocho personas y sabía que al menos ahí había cuatro que no les correspondía nada. Y eso te crea una situación de desánimo, de tristeza.”

(PME_1)

Tanto **PME_6** como **PME_2** comparten o motivo de acceso ós servizos sociais: a solicitude da axuda de subsistencia da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA). No caso de **PME_2** é unha solicitude asociada ó proceso de solicitude de protección internacional.

PME_3 lembra que o primeiro contacto foi por un problema coa vivenda alugada, que estaba en malas condicións de habitabilidade. Esa non foi a única vez que **PME_3** mantivo contacto cos servizos sociais, xa que expresa que en varias ocasións tivo que acudir, sobre todo por falta de ingresos xa que no seu traballo non lle estaban a pagar. A informante transmite frustración pola resolución desa necesidade: *Tengo un niño, y es que esta gente, de verdad, ven que no me entran los ingresos, que no me pagan, y no hay manera con ellos.”*

No caso de **PME_4**, o seu primeiro contacto foi co Centro de Información ás Mulleres (CIM), por ter a condición de vítima de violencia de xénero. Ese non foi o único contacto cos servizos sociais, xa que tivo que solicitar a súa atención por un problema coa vivenda na que estaban.

PME_5 accedeu por primeira vez ós servizos sociais por recomendación do seu médico de cabeceira: *“Como yo no tenía trabajo, no percibía ninguna ayuda. Me dijo que fuera a servicios sociales, a ver si había ayudas para los inmigrantes como yo. Pero bueno, yo era inmigrante, pero a la vez con nacionalidad española”*. Esta frase de **PME_5** é rechamante, porque da a entender a existencia de dous niveis de atención en función da situación administrativa no país: uns servizos sociais para persoas migrantes e uns servizos sociais para nacionais.

Por último, **PME_7** explica que contactou cos servizos sociais con dous obxectivos: acceder a unha vivenda e solucionar unha problemática de saúde bucodental:

“Cuando llegué a Hogar Boanoite, pues me enteré de que también había prestaciones para poder alquilarte un piso y ser semindependiente. Y pues

contacté con ellos también por problemas, digamos, de salud, que era el tema bucodental, porque me habían dicho que hay una prestación para temas de este carácter. Y llamé, me dieron cita y me asignaron mi trabajadora social, a la que le agradezco muchísimas cosas.” (PME_7)

4.3. Satisfacción coa atención recibida

Neste apartado a intención é coñecer o grao de satisfacción coa atención recibida por parte dos servizos sociais, a capacidade de resolución de necesidades presentadas e coñecer o desempeño profesional do persoal dos servizos sociais comunitarios.

4.3.1. Capacidade de resolución das necesidades presentadas

Ante a pregunta sobre a capacidade de resolución das necesidades que presentou ós servizos sociais, **PEM_1** indica o seguinte:

“Sí, en un 80% sí, siempre. Con más demora, menos demora, siempre. Ahora hace mucho tiempo que no los uso para mí. Los he usado para algún familiar y he salido un poco defraudada, un poco bastante defraudada. Y es que cuando digo ahora, quiere decir, de un año más o menos, un año hasta la fecha.”

Na mesma liña, **PME_2** indica que sempre solucionaron os seus problemas. Tamén engade que “...*depende de la persona. Te lo digo por mi experiencia porque a mí la persona que me tocó es una maravilla. Pero yo conozco una persona, que realmente son una familia, y para esa gente la trabajadora que tienen para ellos es un infierno porque pasa de ellos, no les quiere ayudar.”*

Tamén **PME_4** expresa conformidade coa resolución de problemas, xa que sempre que o precisou tivo unha resposta positiva por parte dos servizos sociais.

PME_7 tamén amosa satisfacción coa resolución de problemas e cobertura de necesidades, xa que lle tramitaron axudas de emerxencia para gastos educativos e tratamento bucodental. O informante amosa a súa satisfacción

*“..la verdad, yo no tuve ningún problema con los servicios sociales. Además, no sé, **en mi caso, vieron más allá** de solo “mira, es un chico que necesita esto, se lo ofrecemos y ya está”. También iba preguntándome qué tal estoy, que cómo voy con el tema administrativo.”*

No polo oposto, **PME_3** comparte unha visión negativa sobre a capacidade de resolución das necesidades e a incapacidade para solucións a problemas como o habitacional:

*“...si tengo una amiga que pase por (la misma) situación que yo, **le diría que ni se le ocurra** y que le diga (ó persoal dos servizos sociais) lo menos posible. Porque no le ayuda para nada, sino que le da más problemas.(...) **Y la verdad que muy mal. Que no se hizo nada y se consiguió el desahucio y al final nos desahuciaron igualmente.**” (PME_3)*

Na mesma liña, **PME_5** expresa que nos últimos anos non está satisfeita coa atención recibida, sobre todo desde que non a atenden no centro Ágora. Nesa Unidade de Atención Social si que deron resposta ás súas necesidades. Tamén indica que si tivo unha traballadora social que lle prestou unha boa atención no Centro Cívico de Labañou.

PME_6 tamén expresa o seu descontento: *“Yo de ahí no saqué nada. Y era cuando más necesitaba...”*

Nesta categoría podemos observar experiencias diversas, mais un sentimento maioritario de falta de resolución de problemas e de cobertura de necesidades das persoas migrantes entrevistadas.

4.3.2. Desempeño profesional do persoal técnico dos servizos sociais

Durante as entrevistas realizadas, as informantes chave dan a súa opinión, tanto de forma espontánea, como respostando a unha pregunta concreta referente a esta cuestión.

PME_1 fai referencia ás distintas actitudes que se pode atopar por parte do persoal técnico dos servizos sociais.

*“Yo creo que como en todos los ámbitos, hay de todo. Y lo que sí me ha pasado las veces que he tenido que acompañar a alguien en el último año, digamos, son la gente que está estresada. **Yo noto que están estresados.** (...) La trabajadora social, todo estaba mal. “Esto está muy difícil, esto está muy complicado, tiene que traer esto.” La otra, con una sonrisa, con otra manera, preguntando, pero no imponiendo que tiene que llevar este o aquel otro papel, y “llámame por teléfono si necesitas algo.” Esa es la diferencia.” (PME_1)*

Moito máis dura, **PME_3** aporta unha visión moi negativa sobre o desempeño profesional:

*“Sinceramente muy mal, porque personalmente no me gustó nada, ni el trato. A veces incluso podría decirte sinceramente que **hay personas que aprovechan el cargo que tienen, incluso para medio amenazar,** sabiendo que hay un menor bajo ese techo. Me parece increíble que a unos padres trabajadores y unas personas que se están buscando realmente la vida, que le pueda pasar eso hoy en día. (...) ...desde ahí yo sinceramente no volví y no lo volvería.” (PME_3)*

En contraposición, a mesma informante, **PME_3**, si amosa satisfacción coa atención recibida pola educadora familiar.

PME_4 valora que o persoal pode estar atado á hora de resolver as necesidades das persoas usuarias, o que limita a súa capacidade de resolución das solicitudes. Tamén expresa que a calidade da atención depende da profesional, o cal condiciona a percepción que se ten dalgunhas profesionais dos servizos sociais.

Ante a pregunta “cres que teñen boas intencións, pero están atadas e non poden facer máis?”, **PME_4** contesta:

“No, no pueden hacer más, algunas, ¿sabes? Es que tú vienes, les explicas tu caso, les dices las cosas tal como son, y quieren (ayudar), pero la ley o no sé, no les permite, dar más o a hacer más. Es que ven que si tú estás en la necesidad de

tener tal ayuda o de tener tal acceso, pero lo que está escrito te dice que no, te dicen un no que ellos saben que tú te lo mereces, pero te dicen que es lo que hay, que no pueden hacer más.” (PME_4)

PME_5 considera que existe unha falta de empatía por parte das persoas técnicas dos servizos sociais. Nese sentido, critica unha atención deficiente por parte dalgunhas persoas:

“...yo no pido que la trabajadora social sea mi amiga. No, yo no pido eso. Que fue como me dijo ella, “aquí nosotros no venimos a hacer amigos”. Yo le dije “yo entiendo, que yo no vengo a hacer amigos tampoco. Pero si vengo aquí es porque necesito una ayuda vuestra. Si no, yo no estaba aquí”. Y ese día hasta me hizo llorar.”

PME_5 indica que antes estaba máis satisfeita coa atención recibida por parte do equipo técnico. Tal e como contou o trato recibido últimamente, agora non está conforme co trato recibido. Na mesma liña, **PME_6** tamén comparte a súa opinión sobre a falta de empatía no desempeño profesional:

“No atienden bien a las personas. Hay formas y formas de pedir una documentación, sin tratar mal a la persona o sin hacerlo sentir como que no vale nada, que le están dando y haciendo un favor. (...) No empatizan, no tienen empatía para nada. Solo te escuchan, bien, sí, a lo mejor están pensando en otra cosa...” (PME_6)

En cambio, **PME_7** aporta unha ollada positiva sobre a atención recibida por parte do persoal técnico e aporta que é un traballo complicado cunha carga emocional importante:

“Yo creo que bien, bastante bien. No va a ser fenomenal, porque estar ahí escuchando penurias de la gente, eso te desgasta muchísimo. Yo digo, “si voy a trabajar con esto, me va a resultar muy difícil escuchar a la gente esos lamentos a las 8 de la mañana porque te quitan la vida”. Y como lo hacen ahí, pues es para quitarse el sombrero.” (PME_7)

4.4. Problemas detectados nos servizos sociais

Son varias as problemáticas detectadas, como a falta de políticas de vivenda social, a falta de intimidade nos espazos de atención, os trámites burocráticos e os tempos de agarda.

4.4.1. Vivenda

PME_1 e **PME_6** atopan o acceso á vivenda como un dos grandes problemas que ten que afrontar a poboación, non só migrante, senón a poboación en situación de vulnerabilidade. **PME_1** critica a falta de políticas neste senso e remarca a necesidade de que os servizos sociais sexan conscientes desta realidade:

“...me parece que el tema vivienda, el Ayuntamiento no lo ha tocado y es que es una gran carencia que tiene. (...) Y no le estoy pidiendo al ayuntamiento que me regale nada. (...) Pero a mí me parece que la realidad de la población los que lo tienen que palpar son los ayuntamientos y los servicios sociales.” (PME_1)

O resto de participantes indican que existe un problema co acceso á vivenda, xa que a maioría o viviron ou viven en primeira persoa.

4.4.2. Intimidade e espazos de atención

A intimidade é un aspecto clave na atención a persoas en situación de vulnerabilidade, tanto nos servizos sociais comunitarios como noutros servizos do terceiro sector. Na entrevista trátase esta cuestión para coñecer o nivel de protección da intimidade das informantes. Neste apartado mestúrase a intimidade de cara a outras persoas usuarias coa intimidade das decisións persoais en temáticas sensibles.

Ao respecto desta cuestión, **PME_4** indica que:

“Hay gente que realmente necesitan una cierta intimidad para poder expresarse, expresar sus problemas sin que otros lo escuchen o tal, pero a veces ves a alguien que va para hablar con su asistente que llama a otra persona o donde la gente está al lado esperando. Prefería que tengan, bueno, espacios más grandes, pero también un poco alejado de la parte de atención, así para que nadie se entere. Porque a veces tú entras en una oficina y la que está en la otra parte te está escuchando. Entonces no vale para eso, porque no todo el mundo quiere que la gente sepa su situación. Por eso, debería de haber más privacidad.” (PME_4)

No mesmo sentido, **PME_6** fala sobre a dificultade de achegarse a estes espazos de atención para unha persoa tímida:

*“No, **no respetan la intimidad de las personas.** (...) ...cuando voy a pedir algo, soy muy tímida, me da mucho corte, me sonrojo un montón. (...) Son espacios donde tenés la cola de gente esperando y que están escuchando.” (PME_6)*

PME_5 indica que cando lle preguntan o motivo da cita diante da xente que está agardando a ser atendida, non responde. Indica que ela fala exclusivamente coa súa traballadora social

*“¿A qué venías?” Digo **“lo siento. Lo hablo con ella”**. Entonces, no me gusta eso tampoco. Sí, no hay esa intimidad... (...) No. Ya hacen las preguntas. “¿Para qué? ¿A quién vas? ¿Para qué?” Muchas cosas.” (PME_5)*

Noutro sentido da intimidade, a das decisión persoais, **PME_5** tamén remarca que cruzaron os límites da súa intimidade respecto á súa economía:

*“No es que me hayan obligado, pero casi. Me han obligado a sacar los seguros que tenía de vida y de decesos. Me dicen que tengo que pagar mucho menos de teléfono. Hay cosas inverosímiles que yo como oyente o persona que está afuera, **no entiendo que por qué una persona me tiene que decir a mí lo que tengo que pagar.**” (PME_5)*

No mesmo sentido dos límites da intimidade, **PME_4** sinala un episodio negativo no que a traballadora social cuestiona o número de crianzas que debe ter, sendo usuaria dos servizos sociais:

“Yo es el único punto que tuve con mi asistente, con la trabajadora social y la educadora, que me dijeron de no tener más hijos, que no estamos en tiempo de tener más hijos. Y ahí le paré. “Eres muy buena persona, me has ayudado, pero en mi vida privada no te metas”. Que no es de su incumbencia el decirme cuántos hijos tengo que tener o no tener, y hay otras mujeres a las que se les dice “tienes que ir a hacerte una ligadura, o a tomar pastillas”. Es el único punto que no me gusta.” (PME_4)

PME_3 expresa que o espazo de atención lle é indiferente, sempre que a atención sexa boa: *“Siempre que sea con respeto y con algo de humanidad y con respeto hacia esa persona y hacia las necesidades de esa persona.”*

4.4.3. Trámites burocráticos

A burocracia é un aspecto valorado negativamente por case todas as informantes chave. Tal como expresa Rendueles (2020), *“con moitísima frecuencia a burocracia convértese nunha fonte de problemas moi relacionados coa desigualdade e a perda de control das nosas vidas”*. Por exemplo, **PME_1** resalta a incongruencia de solicitar información á cal ten acceso a propia Administración:

“Piden un montón de cosas que me parece que hoy en día ya no son necesarias. Que te pida el empadronamiento una trabajadora social del ayuntamiento me parece un absurdo. Porque es fácil para ellos, porque “clic”, dos teclas, y saben si estás empadronado o no. Porque tienes un nombre, un documento y más si estás dentro de los inmigrantes, pues están legales, en el caso de mi familia.” (PME_1)

Na mesma liña, **PME_5** critica a mesma cuestión respecto ó empadramento, e tamén critica a excesiva burocracia e a dificultade de reunir toda a documentación que solicitan os servizos sociais. Pon de manifesto que se pida documentación como os extractos bancarios cada poucos meses, por exemplo. Tamén expón o medo a estar durante períodos de tempo sen prestación ou axudas polo tempo que tardan en resolverse os expedientes:

“Si no, pues lo tengo que volver a solicitar. Pero ahí viene otra vez el miedo. Porque tienes que volverlo a solicitar. Entonces van pasando meses, van pasando meses. Porque es lo que yo digo. Ellos saben que uno está en la misma situación.”

O exposto por esta informante chave ten relación co fenómeno da *trampa da pobreza*, un desincentivo á participación laboral das persoas receptoras de prestacións polo feito de que a contía máxima da prestación se vexa reducida de forma directamente proporcional aos ingresos salariais obtidos (Zalakain Hernández, 2021). Neste fenómeno tamén son relevantes os tempos de agarda para reactivar certas prestación ou axudas.

PME_6 tamén amosa certa crítica cos trámites burocráticos esixidos:

“Es una ironía, porque de pronto te están ofreciendo o posibilitando una ayuda y tú dices “la necesito, pero ya”. Pero de ahí ya entra a correr la burocracia de todo el trámite. Entonces, cuando tú logras eso, no es que no lo necesites, pero ya no era la urgencia que tenías en ese momento. (...) el gobierno te ofrece o el Estado te ofrece algo, como que te va a ayudar. Pero creo que es un poco para que quede el escaparate te va a ayudar, pero no, porque te cansan, te hartan o ya ni vas porque ya sabes que no.” (PME_6)

4.4.4. Tempos de agarda

Para algunhas informantes chave como **PME_1**, **PME_2**, **PME_4** e **PME_6**, a pandemia supuxo unha transformación no modelo de xestión de citas e nos tempos de atención. Isto supuxo que os tempos de agarda se incrementasen e o acceso ós servizos sociais se vise

obstaculizado por un sistema de cita previa que non axuda a resolver axilmente certas necesidades.

PME_4 indica que no seu caso persoal non tivo problemas deste tipo, pero coñece persoas que si o están a sufrir.

“...tengo algunas amigas que se quejan mucho, que están esperando sin saber nada, tienen citas muy largas y que no les atienden como se debe. (...) Pero sí, para mí han sido realmente muy rápidos y tal.” (PME_4)

PME_6 indica que os tempos de agarda son *“eternamente largos, pero eternamente largos. Y por lo general ese tipo de trámite uno necesita que salga urgente, porque es prioritario, lo necesitas ya.”* Tamén comenta que cando ela tivo que facer uso dos servizos sociais hai décadas, só tivo que esperar dous ou tres días a ser atendida.

Tanto **PME_3** como **PME_4** non tiveron grandes tempos de agarda, e isto pode ser debido a que **PME_3** atopábase nun proceso de desafiuzamento e **PME_4** é vítima de violencia de xénero, polo que os seus procesos se aceleraban polas características especiais dos seus casos.

No caso de **PME_7**, indica que tivo un mes de agarda para ser atendido polos servizos sociais, pero o xustifica pola situación de saturación por exceso de traballo que teñen.

4.5. Aspectos positivos sobre os servizos sociais

Para **PME_1**, na actualidade non pode dar aspectos positivos sobre os servizos sociais. Engade *“cuando me entero de un caso que está tratando una ONG es justamente por la falta que ha tenido el ayuntamiento de no atender debidamente a esas personas.”*

Tanto **PME_2** como **PME_7** indican que sempre tiveron boas experiencias cos servizos sociais comunitarios. No caso de **PME_4**, considera que teñen boas intencións, pero

moitas limitacións para actuar: *“Están ayudando a mucha gente, hacen lo que pueden. Ayudarte mucho, mucho, tampoco pueden, pero están haciendo lo posible.”*

PME_3 non ve aspectos positivos:

“pues, sinceramente no, vea por donde lo vea. Es que siempre llegas al mismo lugar. Llegas a lo mismo. (...) O sea, no te compensa ponerte en contacto con una trabajadora social porque sabes que vas a estar más controlada. Vas a estar más controlado o vas a tener a tu hijo más controlado, entonces realmente no te compensa.” (PME_3)

4.6. Aspectos a mellorar nos servizos sociais

Para **PME_1**, un aspecto a mellorar é que as traballadoras e traballadores sociais *“tengan en cuenta que la persona que está delante está necesitando ayuda y que no va allí porque no tenía nada más que hacer y se aburría. Que realmente necesita ayuda.”*

PME_2, **PME_4** e **PME_3** consideran que se deben reducir os tempos de agarda para que a atención sexa máis axil. Ademais, **PME_3** amosa un descontento considerable co desempeño profesional do persoal dos servizos sociais, indicando que hai que *“quitarle mucho poder que tienen... (...) Tienen muchos poderes para hacer muchos informes según su criterio.”*

PME_4 tamén indica que o persoal debe estar máis dispoñible e valorar mellor as prioridades na atención, atendendo antes aqueles casos que precisen unha intervención máis rápida polas características do caso.

PME_5 remarca a necesidade de mellorar o trato por parte dalgunhas persoa que forman parte dos equipos técnicos:

“...tendrían que darles un toque, como un toque de atención a que tuviera más sensibilidad humana. A mí me parece que les falta sensibilidad humana. A mí. Porque me ha tocado. Porque nunca en mi vida he llorado, como he llorado estas últimas veces con estas personas que tengo. Nunca me hicieron llorar. Yo no soy

una persona de lágrima fácil, pero cuando estoy pidiendo por mis derechos, sé por qué los puedo pedir. Y estas personas me han hecho llorar.” (PME_5)

PEM_6, visibiliza a falta de políticas sociais de vivenda para solucionar este problema crecente.

*“Yo creo que fundamentalmente para el inmigrante es el tema de la vivienda. Fundamentalmente la vivienda. Y luego de la vivienda, bueno, a ver, no que te den una vivienda, pero que te sea accesible alquilar una vivienda... (...) ...**dicen que el que no vive algo, no se puede poner en su lugar, no lo puede entender. Hay que vivirlo para entenderlo.**”*

PEM_7 sinala como un aspecto a mellorar a necesidade de repetir a súa historia persoal en varias ocasións para ser atendido: *“Donde quiera que vayas, pues tienes que explicar todo lo que pasaste, todo eso. **Se vuelve monótono, digamos.**”*

4.7. Terceiro sector e outros actores implicados

Neste apartado abórdase o papel que xoga o terceiro sector (ONG, asociacións, outros grupos formais ou informais) e outros actores que interactúan coas persoas migrantes como a Oficina de Estranxeiría ou a Policía Nacional.

PME_1 fala sobre a importancia das ONG para cubrir necesidades ás que non son capaces de dar resposta desde os servizos sociais:

*“...me parece que la carencia sigue siendo muy grande porque, por ejemplo, hay varias ONG ahora, porque cuando yo vine había una. **Ahora hay varias que están supliendo el trabajo de los servicios sociales del ayuntamiento. (...) ...en muchos aspectos me da la sensación que la política del Ayuntamiento es ‘total, nos descansamos porque ellos pueden’.**” (PME_1)*

PME_3 vai máis alá e profundiza no seu descontento cos servizos sociais, amosando moita gratitude polo traballo feito pola entidade SOS Racismo.

PME_5 e **PME_6** coinciden co expresado anteriormente e indica que o terceiro sector substitúe o traballo que deberían facer os servizos sociais.

Respecto á valoración das entidades do terceiro sector, existe case unanimidade nas respostas en valorar moi positivamente a súa acción. Sobre a Oficina de Estranxeiría e a Policía Nacional hai opinións diversas. Algunhas das informantes comentan problemas na atención na Oficina de Estranxeiría. Por exemplo, **PME_1** comenta:

*“Yo recuerdo que cuando extranjería era en la Calle Real, **había una mujer que tenía la mala costumbre de tirar para atrás. Siempre te faltaba un papel, aunque llevaras todo. Siempre te faltaba un papel. Esa mujer era famosa, por eso. Porque si la agarrabas mal, chau. Volvías sin nada.**”* (PME_1)

PME_2 expresa que, nada máis chegar a Coruña, tivo que ir a Estranxeiría e tivo problemas para comunicarse co persoal de Estranxeiría porque non falaban inglés. Apunta que despois conseguiron un tradutor para facer esas xestións.

Por último, **PME_6** tamén indica que, na súa vivencia persoal, o trato ofrecido por parte da Oficina de Estranxeiría é moi deficiente:

*“Mira, Rodrigo, yo lo sufrí tanto a Extranjería. Tanto, tanto. Que tú no sabes. **Muy mala atención. Despectivamente. Denigrante. Denigran. Es que te sentís una pobre persona que está... Oiga, no puede ser así. Es una falta de respeto al ser humano.*** (PME_6)

No caso da Policía Nacional, en xeral hai boas opinións. **PME_3** manifesta un trato diferenciado entre a atención para trámites relacionados co DNI e os trámites de documentos para persoas estranxeiras:

*“**Porque si tú vas a hacer el DNI, que yo voy, a mí nadie me grita, pero si tú vas a Extranjería a todo el mundo le gritan. Es que no quiero ser maleducada, pero si me grita, yo también puedo gritar. Ahí te sientes como extranjero. Ahí en este momento de cambiar el DNI, te sientes extranjero.**”* (PME_3)

4.8. Valoración por parte do persoal técnico

4.8.1. Cobertura de necesidades

Ante a pregunta “os servizos sociais son capaces de resolver as necesidades que presentan as persoas migrantes?”, as informantes chave amosan puntos de vista relativamente similares. TSC_1 apunta que nos servizos sociais “...*existe un desborde moi grande e non están preparados, nin de broma*”. Tamén comenta que o perfil das persoas migrantes cambiou, xa que antes era máis común ver a homes novos que migraban sós en primeiro lugar para despois reagrupar a familia. Na actualidade, indica que están a chegar familias completas cunhas necesidades máis complexas de resolver. Entre esas necesidades, atópase o acceso á vivenda:

“Os servizos sociais públicos comunitarios non teñen capacidade de resposta e de solución desa demanda, que moitas veces é de vivenda. (...) apenas hai establecementos nos que poder aloxar a familias con menores a cargo. É que non hai, practicamente. Eu creo que si que é necesario reformular todo iso e hai que innovar, sobre todo, e darlle unha volta a como o sistema está organizado.”
(TSC_1)

TSC_1 tamén reflexiona sobre as expectativas que amosan certas persoas cando chegan ó país. Considera que a información coa contan antes de chegar non está axustada á realidade, polo que non esperan que poidan ter que estar meses ou anos agardando para ter un permiso de traballo. Unha vez as expectativas que traían desaparecen, acoden ós servizos sociais:

“Ás veces teño a impresión de que xa unha vez que fracasou esa expectativa, veñen ós servizos sociais pensando seguramente que esa expectativa fracasou, pero agora aquí lle van dar unha resposta básica a esta situación. Por desgracia, claro, as expectativas rebaixámolas.” (TSC_1)

ESE_1 tamén considera que os servizos sociais non son capaces de dar unha resposta áxil e efectiva ás necesidades da poboación migrante porque os servizos sociais teñen uns protocolos e normas estritas. A técnica critica os requisitos solicitados para acceder a certas prestacións como a Renda Social Municipal, xa que “*de primeras tienes que llevar*

seis meses empadronado. Además de cumplir el requisito del padrón, necesitas tener un contrato de alquiler, que muchas veces es imposible.”

ESE_1 di ser consciente da saturación dos servizos sociais pola alta carga de traballo que teñen, pero *“se podría hacer mucho más de lo que se está haciendo.”*

4.8.2. Obstáculos no acceso ós servizos sociais

resposta. Desde os servizos públicos é case imposible dar unha resposta, porque non hai vivenda pública para este perfil de familias, nin poden dar unha solución. As solucións que se poden ofrecer son, ou ben, a través de ONG, ou a través de apoio social que esa persoa vai conseguindo. Intentar sobre todo activar esa parte, de mobilizar as redes máis informais que poden xurdir, que se poñen en contacto con asociacións de compatriotas que aquí pasaron por situacións lles poden botar unha man. Os servizos sociais públicos comunitarios non teñen capacidade de resposta e de solución desa demanda, que moitas veces é de vivenda. É imposible, pero imposible, para persoas migrantes, como para calquera cidadán, porque a situación da vivenda actual sabemos todos cal é, é unha auténtica animalada. A resolución deses problemas moitas veces non...Pode haber unha resolución, pero seguramente non é a resolución que cumpra as expectativas que trae esa persoa. Ao final, acaban aloxados con amizades, cun coñecido, tendo que alternar domicilios, buscándose a vida como poden, porque é inasumible totalmente esa demanda e a resolución dese problema.

- **Agora que falamos un pouco das expectativas, pensas que chegan cunhas expectativas sobre os servizos sociais, digamos, dun país europeo, no século XXI, que quizais non corresponde á realidade?**
- Totalmente. A veces si que esa parte é interesante, por saber en que estamos fallando para que teñan esa imaxe. Ás veces veñen con estas expectativas de que, por exemplo, chegan coa intención de solicitar asilo, por exemplo, ou simplemente que chegan cun pasaporte en situación irregular. Eu preguntei, “pero cal era teu proxecto cando partiches do teu país? Chegar aquí e poñerme a traballar.” Se sabías que aquí hai que ter os permisos de traballo, un permiso de residencia, que non é tan sinxelo. E xeral o que ves é que descoñecen todo isto. A frustración ten que ser tremenda para estas persoas. Cando chegan aquí e ven que ó mellor, ata que poden ter un permiso de traballo, poden pasar meses ou anos, é tremendo. Ás veces teño a impresión de que xa unha vez que fracasou esa expectativa, veñen ós servizos sociais pensando seguramente que esa expectativa fracasou, pero agora aquí lle van dar unha resposta básica a esta situación. Por desgracia, claro, as expectativas rebaixámolas. Temos que rebaixar outros dos ou tres peldanos máis, porque pensan ao mellor que van recibir inmediatamente unha

axuda, unha prestación económica, que lles vai a facilitar o acceso a unha vivenda normalizada. As expectativas caen totalmente. En xeral, si que creo que para estas familias ou persoas individuais que veñen. teñen que ter un choque brutal, sobre o que eles pensan que vai ser ao que finalmente acaba sendo.

- **Cres que iso é porque hai un rumor que fai que veñan pensando que como veñen a Europa van funcionar ben?**
- Eu do que eles me contan, porque si que me interesa saber por que traen esa información, por un lado é porque alguén que xa esta aquí llo dixo, sendo algo que me sorprende, porque alguén que está aquí, debería coñecer como é o funcionamento. Ás veces din que a través de internet. Ás veces pregunto por que escolleron vir a Galicia e non a Cataluña, Andalucía, Madrid e tal. Un pouco o que din é, a verdade é que nunca se me deu por facer esa consulta, que eles a través de consulta, de webs, foros e demais, que se fala de Galicia como unha zona máis tranquila que Madrid o Barcelona, cun clima máis suave, que aquí á xente se facilita. Ás veces si que tamén din que os servicios sociais dan máis axudas que noutros sitios e tal, o cal descoñezo. Que ó mellor é certo, é o que a nós nos parece insuficiente, pois comparando segundo con que outros sitios, pois ten unha cobertura maior da que pensamos, non sei.
- **Escoitaches algunha vez que alguén veña a Galicia porque se ofrece, por exemplo, unha das rendas sociais municipais que hai tanto na Coruña como en Compostela?**
- Sinceramente, é un rumor. Recordo cando se aprobaron esas rendas e dicíase que podía ter un efecto chamada. Se existe ese efecto chamada, como moito sería de cidadáns que residen en municipios limítrofes e deciden ir a Santiago ou Coruña por ese motivo, aínda que tampouco creo que sexa unha cifra moi significativa. Eu creo que o que é a xente que ven desde o seu país e decide vir para aquí, creo que non está enriba da mesa o tema de que existe esa renda social, porque eu creo que o descoñecen. Falan de axudas en xeral, pero descoñecen se é unha renda social, se é unha RISGA...Non me parece que sexa relevante iso. Igual si que é máis relevante o feito de que certas cidades teñan un terceiro sector máis forte,

con certas entidades que dan ese soporte, pero non creo que a renda sexa algo que te axude a tomar a decisión dunha cidade ou outra. Non me da esa impresión.

- **Cales son as principais necesidades que presentan as persoas migrantes que chegan a Galicia ou a calquera concello da contorna da Coruña?**

- Eu creo que depende das expectativas que traen, porque a veces incluso a demanda é “quero que me consigas un traballo”, cando non teñen permiso de traballo, e están lonxe de telo a curto prazo. Eu creo que sobre todo nas primeiras citas a demanda principal é de información, de situar cal é a realidade social aquí, de como funcionan os diferentes sistemas: o sistema de servizos sociais, o sistema sanitario, o sistema educativo, como regularizar a súa situación e todo iso. E logo, unha vez que xa está iso máis ou menos establecido, nas seguintes citas xa van xurdindo outros temas. Si que a veces, a esas situacións que che comentaba antes de xente que chega totalmente co posto, cunha man diante e outra detrás, cunha maleta, que pagaron tres ou catro días nun hostel. A partir de aí non hai máis plan ca ese. “Necesitamos axuda porque quedamos na rúa”, e en moitos casos, incluso, con nenos a cargo. Entón eses si que xa son os casos máis difíciles e máis complicados de poder dar unha solución a curto prazo.

- **Antes falabamos da vivenda, que hai un problema en todo o Estado. É tamén algo recorrente que soliciten axuda para atopar unha vivenda, ou para pagala, ou para a fianza?**

- É que o problema é que, se xa para a cidadanía en xeral, para xente traballadora en xeral, agora mesmo acceder a unha vivenda, ó mercado de alugueiro normalizado, en moitos casos, é imposible. Unha persoa que non ten nóminas, porque non pode traballar, non ten ingresos, non ten aforros, non ten ningún permiso de residencia...é que xa non é un problema de non poder pagar ou non, ou é que necesite axuda para pagar unha fianza, é que ninguén lles vai alugar un piso a día de hoxe. É totalmente imposible. Polo menos, en toda a área da Coruña, e creo que na área de calquera grande cidade. Eu teño a sensación de que incluso antes o recurso podería ser mudarse a poboacións pequenas, pero estase complicando máis, porque evidentemente a xente vai tendo que ampliar o seu marxe de búsqueda. Eu creo que vai chegando o *runrún* a propietarios de vivenda

en poboacións pequenas, de que hai que ter un seguro de impagos, que hai que pedir máis fianza...É dificilísimo, dificilísimo, entón, imposible. É unha tarefa totalmente imposible. Dos casos que imos vendo, salvo a poboación migrante que consegue acceder a unha emprego, que tamén lles costa, porque sigue habendo certos prexuízos, sobre todo coa xente negra, pero é moi difícil que atopen vivenda.

- **Falabamos da xente que accede aos servizos sociais, pero hai unha parte da poboación migrante que non chega a acceder. Cales cres que son os obstáculos para non chegar a acceder aos servizos sociais dun concello?**
- A ver, eu penso que poden ser varias casuísticas. Pode ser a casuística de que non o necesite, porque xa te unha rede de apoio cando teñen algunha dúbida. Tamén pode ser que estea en contacto con algunha entidade do terceiro sector e que máis ou menos lle vaia resolvendo as necesidades que vai presentando. Tamén pode pasar que teñan a primeira entrevista, que as expectativas que tiñan non se cumpren e digan “no me interesa, me busco la vida por donde sea, porque veo que esto tiene poca utilidad o no me va a ofrecer ninguna solución”.
- **Cres que, por exemplo, o feito de estar en situación irregular, pode tamén obstaculizar que cheguen ós servizos sociais, un pouco polo medo a ser identificados.**
- Si que creo que é algo que hai persoas que si que o comentan e teñen ese temor, sí, sí. Non aprecio iso tanto nas persoas que veñen, pois sobre todo de países como Venezuela ou Colombia, coa intención de solicitar asilo. Non percibo ou non lembro agora mesmo, ninguén que me manifestase ese tipo de comentario. Si que de poboación africana, aí si que percibo máis ese temor a vir, a que se lles identifique, xa que a veces pides o pasaporte e parece que hai un certo temor a dalo, ou incluso a dicir onde están vivindo. Pode ser que nese caso si que tamén afecte.
- **Consideras que organización dos servizos sociais está preparada para abordar todas as necesidades que ten a cidadanía dunha forma áxil e resolutiva, e especialmente as das as persoas migrantes?**

- Non, evidentemente que non. Creo que no caso de Galicia quizais non estabamos acostumados a que chegase tanta poboación inmigrante, comparado con outras zonas de España. Previo a iso, os servizos sociais en xeral, estaban saturados a todos os niveis. Logo, foi aumentando a chegada de poboación inmigrante, houbo unha pandemia, crise, etc. Existe un desborde moi grande e non están preparados, nin de broma. Tamén creo que máis alá diso, é certo que tamén cambiou o tipo de migración que se realiza, porque antes o perfil habitual era un home, xoven, que veu só, xa que a familia esperaba no seu país, e en canto el se establecía e estaba máis estable, pois traía á súa familia. Agora están vindo familias completas, e para nós é un cambio grande á hora de atender. Eu creo que os recursos, evidentemente, non están preparados para iso, algo tan sinxelo como que apenas existen no ámbito do terceiro sector, xa non falo do público, porque apenas hai establecementos nos que poder aloxar a familias con menores a cargo. É que non hai, practicamente. Eu creo que si que é necesario reformular todo iso e hai que innovar, sobre todo, e darlle unha volta a como o sistema está organizado.

- **Falando de entidades do terceiro sector, tamén crees que dalgunha forma están máis ou menos preparadas que o sector público para poder atender á poboación migrante?**
- Imaxino, non? Por sentido común, xa que evidentemente se dedican en exclusiva á atención de poboación migrante. Entendo que xa polos perfís de profesionais que teñen, son perfís moi orientados a atender a poboación inmigrante. Eu diría que si, eu creo que nos servizos sociais comunitarios os profesionais que estamos atendemos un pouco en xeral, a poboación en xeral. Non somos servizos sociais específicos para ter ese grao de coñecemento e de formación. Evidentemente, a experiencia vai formando e tal, pero si que penso que en certas entidades do terceiro sector seguramente teñan un nivel de coñecemento, de como atender esa situación, seguramente maior. Outra cousa son os recursos dos que despois dispoñen, que a medida os servizos sociais comunitarios dos concellos, teñen uns recursos que outros non dispoñen.

- **Cres que dalgunha forma ese terceiro sector máis orientado, por exemplo, ás migracións, ou non centrado en migracións, pero que atende a poboación**

inmigrante, fai o traballo que deberían facer as administracións locais ou públicas?

- A ver, como tal non o creo, porque claro que hai moitas cousas nas que falla a administración que eles tampouco poden facer. Creio que, por exemplo, á hora de coordinarse con outros sistemas, como o sistema educativo, colexios, institutos, o sistema sanitario, e demais, creo que tal como está configurado todo, si que os servizos sociais comunitarios temos unha voz ou un poder que as entidades non o teñen polas razóns que sexan. Que teñen as entidades do terceiro sector que si que fan respecto aos servizos sociais públicos non poden chegar? Sobre todo, pola poboación inmigrante que está en situación irregular, xa que a gran maioría das axudas públicas e recursos públicos teñen como requisito estar en situación legal en España. Así limítanse moitísimo as posibilidades de cubrir segundo que cousas. As entidades do terceiro sector teñen a vantaxe de que non están limitadas nese aspecto. En casos de persoas que están en situación irregular, evidentemente o terceiro sector ten unha capacidade de intervención que o sector público non ten.

- **Falemos doutros actores do sistema de protección social, aparte das ONGs ou do terceiro sector. Cres que, por exemplo, entidades como no caso da Coruña ou outras vilas galegas que teñen unidades de atención ás migracións, ou a Xunta de Galicia, por exemplo, a través de diversos mecanismos que teñen de protección social, ou, por exemplo, o Estado, a través do Ingreso Mínimo Vital e doutros recursos, a Oficina de Estranxeiría, a Policía... Todos estes actores están dalgunha forma preparados para abordar esta nova situación da poboación migrante con necesidades concretas e complicadas de satisfacer?**

- Miña impresión é que existe unha falta importante de coordinación entre todas as administracións. A sensación que eu teño é, evidentemente, como persoa que traballa na administración local, existe certo nesgo na miña visión. Quen son as administracións que están mais cercanas á cidadanía, como á poboación migrante, son as entidades locais. A impresión que teño é que a Comunidade Autónoma, neste caso a Xunta de Galicia, ou o Estado, como que non teñen a implicación suficiente en querer abordar realmente esta problemática. Como dar unha solución? Creio que debería haber unha planificación maior a todos os niveis. Todo

tería que estar moito máis protocolizado. A impresión que eu teño é que as entidades locais están de apagalumes, cos recursos que existen, que son máis ou menos os dun sistema que é o mesmo agora que fai dez anos ou quince anos. Non está preparado, non está adaptado a estes cambios que están pasando nas nosas sociedades. No referente á poboación migrante, teño a impresión de que como que é un problema que a Xunta de Galicia teña na porta da súa administración, entón tampouco creo que lles xere gran preocupación. O Ingreso Mínimo Vital deixa fora a un montón de persoas que son vulnerables, migrantes e que non teñen acceso a el. A Xunta ten unha RISGA que deixa fora a un montón de persoas migrantes e que son persoas súper vulnerables. Como mínimo, creo que a nivel autonómico tería que existir unha planificación, para ver que é o que está fallando, que coberturas non se están dando, porque ao fin e ao cabo son cidadáns que están aquí, nas nosas sociedades, que teñen que comer, que teñen que vivir. A alternativa que se está ofrecendo é pouco menos que se teñan que buscar a vida, que o terceiro sector apoie, e a nivel municipal depende moito dos concellos. Hai concellos que teñen capacidade de ofrecer certos recursos, outros moitos que non, porque non teñen o persoal preparado para iso. Non teñen os recursos de axudas, de servizos que poidan dar resposta ás necesidades desta poboación. Boto en falta que haxa implicación maior por parte doutros actores. Sobre a policía, que comentabas antes, é inadmisíbel que unha persoa que teña intención de solicitar asilo teña que estar tres meses esperando a ter unha primeira cita. E mentres tanto, que se fai? E non se fala diso, nin parece que estea na mesa de preocupacións cando se fala de persoas vulnerables. Están nun escalón por debaixo do que é a poboación vulnerable.

- **Consideras que existen un trato diferenciado na atención ás persoas migrantes en relación ás persoas autóctonas?**
- Refírestes ao trato profesional ou trato a nivel institucional?
- **Tanto institucional como profesional.**
- A ver, eu creo que, máis que o feito de ser migrante ou non, o feito de estar en situación irregular ou non, e iso evidentemente condiciona moitísimo. Iso xa é o punto de partida. Aí, respecto a estar en situación regular ou non, claro, a

diferencia é brutal, porque se ti estás regular tes acceso a unha serie de prestacións do catálogo de servizos sociais, que se estás irregular, estas practicamente fora de todas elas. Entón xa condiciona brutalmente a maneira na que ti podes intervir, como profesional, sabes? Eu creo que o que marca claramente é iso. Despois, eu creo que, con sinceridade, un pouco da miña visión, eu creo que respecto a unha persoa migrante que está en situación regular, a outra persoa ou outro colectivo, eu creo que non hai unha gran diferenza. Eu non a aprecio, polo menos.

- **Existe o racismo institucional, que prexudica por ser migrante no acceso aos servizos sociais, ou ó sistema de protección social?**
- Eu creo que as institucións son unha parte da sociedade, e se estamos dacordo en que a sociedade é racista, pois evidentemente terá que existir o racismo institucional. Eu imaxino que si, evidentemente. Seguramente, se fosen outro tipo de sectores da poboación os que estivesen sufrindo esta problemática, ó mellor si que estaba na axenda política e na axenda administrativa á hora de tomar certas medidas e non quitarlle ferro a certas situacións que realmente son graves e ás que están facendo a vista gorda. Son cidadáns que están aquí, que se quedan a vivir aquí, que os seus fillos van ao colexio aquí, e que nun momento dado necesitan unha asistencia sanitaria e que en moitas cousas son cidadáns de segunda. Eu creo que iso si que son exemplos de que algo está fallando e que posiblemente pode existir detrás de todo isto certo racismo institucional. E creo que a veces o problema é que hai incongruencias, é dicir, eu, sen estar de acordo con que son persoas en situación irregular e queremos limitar o acceso a certos dereitos, claro, pero é que eu creo que non ten ningún sentido. No caso dos menores, é que eses menores están aquí escolarizados. Que as súas familias non teñan acceso á cobertura de necesidades básicas ou acceso a prestacións sociais e demais, está influíndo directamente na calidade de vida deses nenos, que seguramente sexan rapaces que o día de mañá si que van estar en situación regularizada no noso país. Que imaxe van ter eses nenos do que é a nosa sociedade ou do que foi a súa infancia ou do que sufriu a súa familia? E que eu creo que iso é moi preocupante. Ou sexa, creas un caldo de cultivo para as xeracións futuras que eu creo que pode traer unha problemática maior á actual.

- **Que aspectos consideras positivos dos servizos sociais tanto comunitarios como especializados?**
- Que seguimos sendo un axente desde o sistema público que temos esa facilidade de coordinarnos con outros sistemas. Moitas veces existe un tema puntual dun neno que no colexio detectan certas situacións de que lle falta material escolar, ou que non ten libros, e que da pé a que te chamen ou á inversa. Ti contactas co colexio, e no colexio están pendentes deste tema. Teñen un problema no acceso ó sistema sanitario. Segue pasando a día de hoxe que persoas que deberían ser atendidas por urxencias ou o que sexa, chegan alí e ás veces pónenlles pegas ou o que sexa. A través dos servizos sociais, podemos chamar, contactar, e coordinarnos. Somos facilitadores no acceso a ese tipo de temas. Eu creo que é algo positivo que temos. Logo, tamén como temos, ó mellor, unha visión máis xeral de todo o sistema e de como funcionan todas as entidades, de como funciona todo o sistemas de servizos sociais, como funciona o sistema de servizos sociais especializados, si que axuda a orientar ben a esas persoas sobre a que porta deben tocar. Que ó mellor desde unha entidade do terceiro sector custa máis ver esa visión ou non saben moi ben como é o funcionamento dentro do público. Creo que si que axuda. Logo, hai unha terceira parte que non digo que se estea ó mellor facendo todo o ben que se deba, pero si temos unha visión moi global de cales son as necesidades sociais. E iso debería servir precisamente para planificar e para modificar certas cousas do sistema que non están funcionando. Falta dar eses pasos para modificar as cousas do sistema que non están funcionando ben e que están deixando fóra a moitas familias.
- **Consideras que os representantes políticos que conforman os gobernos municipais son conscientes da importancia que teñen os servizos sociais, das necesidades e das carencias que teñen?**
- Das carencias que teñen os servizos sociais en xeral ou en concreto relativos á poboación migrante?
- **En xeral.**
- Creo que en xeral si, pero depende moito da cor política, depende moito de cales sexan as prioridades de cada goberno que sae elixido en cada municipio. Existen

certa preocupación, pero ó mellor a maneira na que se resolven tampouco son as mais axeitadas. É difícil responder, porque depende moito do partido político. Poden ser conscientes de que faltan recursos ou de que hai que mellorar cousas, pero non coinciden coas medidas necesarias realmente para unha reforma estrutural do sistema, non pequenos detalles. O sistema galego de servizos sociais nos últimos vinte anos non tivo grandes cambios, segue funcionando mais ou menos todo igual. Nada ten que ver a sociedade galega dos últimos vinte, quince, dez anos coa actual. Eu creo que habería que reformular moitas cousas. Fai falta a vontade política para facelo, pero tamén sendo consciente de que as sensibilidades políticas son diferentes e non sempre se vai acertar.

- **Que aspectos mellorarías nos servizos sociais?**

- Creo que o que falamos o largo de toda a entrevista, case en todas as preguntas. Eu creo que o principal é que me parece un pouco hipócrita ser conscientes de que temos aquí un montón de cidadáns que levando aquí a súa vida, que están no que se chama situación irregular, entón claro, eu non son ningún experto en como debe ser unha lei de estranxeiría, pero quizás habería que empezar por aí, non? Se a lei de estranxeiría existente é acorde á situación actual, se ten sentido. Iso xa é o primeiro. Iso condiciona todo o demais, non? Pero vale, poñamos que é imposible cambiala porque hai que ten que ver. Sexamos conscientes de que hai moita poboación que con esta lei está vivindo aquí no noso país, e que non ten garantidos o acceso a unha calidade de vida digna, pois hai que buscar a maneira de garantir iso. Non pode ser mirar para o outro lado, aceptar que é normal que exista xente vivindo con quince persoas nun piso. Normal que teñan que buscarse a vida, porque coa gran maioría das axudas non teñen dereito. Entón, como non teñen dereito á gran maioría das axudas, a alternativa é traballar en B, a mendicidade ou a delincuencia. E logo levarnos as mans á cabeza cando iso sucede, claro, pero é que non se lles da ningún tipo de medio para poder subsistir. Ou facilítas que poidan ter un permiso de residencia de traballo e que traballen, ou senón tes que dar algún tipo de cobertura a nivel social. Todo o demais, claro, é que estás xerando unhas bolsas de exclusión social nas localidades que non sei cara onde nos vai a conducir como sociedade todo isto.

6.2.12. Transcripción entrevista a ESE_1

Informante chave	ESE_1
Perfil profesional	Educadora Social no proxecto de mediación intercultural e acompañamento social de SOS Racismo Galicia

- **¿Qué perfil atendéis en vuestra entidad, SOS Racismo?**
- Atendemos a personas emigrantes o racializadas, que viven principalmente...Bueno, tenemos oficinas en Coruña y en Vigo. En Coruña, aunque atendemos a toda la gente que vive en los alrededores, solo nos llegan personas que viven principalmente aquí. Y, sobre todo, personas en situación irregular, es lo que más atendemos. Y personas senegalesas. No sé por qué, desde hace muchos años, el colectivo senegalés lo tenemos como más focalizado en esta entidad, que son sobre todo hombres también. Hombres senegaleses en situación irregular, sí. Aunque atendemos cualquier tipo de nacionalidad, la mayor parte de demandas que tenemos de atención es por parte de ellos.

- **Y dentro de la entidad, ¿cuál es tu función?**
- Soy educadora social y llevo el proyecto de mediación intercultural y acompañamiento social. Aunque un poco es una atención a veces integral, porque vienen con muchísimas demandas y muy diferentes, pues toda la parte de mediación y acompañamiento a la administración pública, a entidades bancarias, al sistema sanitario y demás, pues eso lo hago yo.

- **¿Y qué servicios ofrecéis dentro de la entidad?**
- Dentro de la entidad tenemos la Oficina de Información y Denuncias, que es lo que diferencia a SOS Racismo de otras entidades, que recogemos todas las denuncias que se hacen tanto a nivel social como que se puedan llegar a judicializar para las personas. A veces las detectamos a través de las diferentes atenciones en los servicios, o a veces son las personas las que llegan aquí y dicen que sufrieron una agresión racista o lo que sea. Tenemos un proyecto de empleo

que consiste en hacer un itinerario sociolaboral y apoyar a la persona en la búsqueda de empleo, y con la mejora de las habilidades sociales para la búsqueda de empleo. El proyecto de mediación en la Oficina de Extranjería, que es asesoramiento jurídico en extranjería, que es una de las cosas que también más demanda la gente. Y después tuvimos un proyecto que ahora mismo no está continuando por falta de financiación, que se llamaba ReDiversa, que era un proyecto de traducción y dinamización social. Teníamos cinco traductores y traductoras de diferentes idiomas, porque muchas veces nos encontrábamos con que no podíamos hacer bien las atenciones, ni cuando iban a las trabajadoras sociales o las educadoras de los servicios comunitarios se podían llegar a entender por la barrera del idioma. Iba yo con el proyecto de mediación y ellas (las traductoras) conmigo para traducir. Hacían todo ese trabajo y a mayores hacían actividades de sensibilización social en diversos espacios, en centros de mayores, en coles, actividades al aire libre.

- **¿Podrías decir qué porcentaje de personas en situación administrativa irregular atendéis? ¿Y solicitantes de protección internacional?**
- Diría que más o menos el 70% de las personas que atendemos están en situación irregular. No tenemos cifras, pero es que ahora casi todo el mundo, la pauta al llegar aquí, es que llegan, y nada más llegar a España solicitan protección internacional. Incluso personas que ya llevaban aquí mucho tiempo están solicitando protección internacional. Después, para ver si les ha pasado los seis meses hasta que puedan trabajar y corren esa suerte. O sea, ahora mismo tampoco es muy realista, porque eso, casi todo el mundo que llega por la puerta, que lleve dos meses en España, ya te traen el papel de la solicitud de protección internacional.
- **¿Las personas que atendéis qué necesidades presentan?**
- Principalmente el encontrar un empleo. O sea, las personas, cuando llegan aquí, normalmente nos dicen eso. Por regla general, es gente que lleva aquí unos meses y que se encuentra con una realidad que no es la que se esperaban, que necesitan encontrar un trabajo y regularizar su situación, que es lo más complicado, porque muchas veces no tienes nada por donde tirar y tienen que esperar los tres años

hasta que se puedan regularizar. Entonces, claro, eso es una pescadilla que se muerde la cola. Encontrar un empleo así es complicado, por no decir imposible, y las necesidades son económicas. Entonces, lo que piden es ayudarlos a solicitar alguna ayuda, algunos alimentos, ayudas para la vivienda y demás, porque no tienen cómo cubrir esas necesidades, que son necesidades básicas.

- **¿Consideras que los servicios sociales son capaces de resolver esas problemáticas y necesidades que tienen las personas migrantes?**

- No, porque los servicios sociales tienen unos protocolos, unas normas estrictas. Por ejemplo, en el caso de las personas en situación irregular, en Coruña está la Renta Social Municipal, que de primeras tienes que llevar seis meses empadronado. Además de cumplir el requisito del padrón, necesitas tener un contrato de alquiler, que muchas veces es imposible. Entonces, ahí luchamos muchas veces para que acepten contratos de subarriendo, pero que no todo el mundo los quiere firmar, porque a lo mejor esa persona que está subarrendando la vivienda también está en una situación de precariedad y también está siendo beneficiaria de una ayuda, con lo cual es incompatible. Y es una pescadilla. Ya conseguir empadronarse muchas veces es difícil, porque entidades que antes permitían empadronarse ahora no están permitiendo y las personas que alquilan las viviendas, muchas veces uno de los requisitos es “te alquilo la habitación, pero aquí no te puedes empadronar”. Y aún cuando consiguen el contrato, consiguen el padrón, muchas veces el padrón es en diferente sitio de donde están viviendo. Entonces, eso tampoco valdría para ser beneficiaria de la ayuda. Y ya después, una vez que ya solventamos todos estos problemas que van surgiendo, viene el problema de la apertura en la cuenta bancaria, que con pasaporte es imposible abrir una cuenta. Y desde Servicios Sociales tampoco se hace nada. Muchas veces pedimos que el Ayuntamiento haga presión con los bancos para poder abrir las cuentas y demás, y tampoco proporcionan nada. Y después, ayudas más básicas, como alimentos y demás, es que no hay ayudas específicas como tal. Tienen pues el A Flote, que es un convenio que tiene el Ayuntamiento con EMALCSA, y lo usan en determinadas circunstancias, pero también tiene unos criterios un poco subjetivos, dependiendo un poco del trabajador o de la trabajadora social que le

toca a cada persona. Entonces, las necesidades, desde luego que no, no se están cubriendo desde los servicios sociales.

- **¿Consideras que existen obstáculos para que las personas migrantes puedan acceder a los servicios sociales? Por ejemplo, ¿el hecho de estar en situación administrativa irregular puede ser uno de esos motivos?**
- Sí, el hecho de estar en situación administrativa irregular es un motivo para que no accedan. La barrera del idioma es un motivo tremendo para que accedan. El hecho de conseguir la cita ya en servicios sociales, que tiene que ser o por vía telefónica o a través de la web del Ayuntamiento, y ahí ya está la barrera idiomática y la barrera de la alfabetización digital. No todo el mundo sabe conseguir esas citas. Antes del COVID, ibas a algún centro cívico y te daban una cita con un papel, y ahora eso no funciona así. Además de los tiempos de espera de las citas, que tú pides una cita hoy y a lo mejor te dan dentro de dos meses o dentro de un mes. Entonces, es bastante inaccesible.
- **Hablemos sobre los tiempos de espera de acceso a los servicios sociales. ¿Son ágiles a la hora de dar la cita? ¿Sabes cuál es la media de tiempo que suelen esperar las personas usuarias?**
- Va dependiendo un poco. No siempre son los mismos tiempos de espera los que se manejan. Suelen esperar entre un mes, mes y medio por las citas. Eso en el mejor de los casos. Y, además, las primeras citas siempre son citas de valoración. De ahí no salen con nada. Y si tienen la suerte de que ya les vayan a tramitar algo, salen con una hoja donde deben de reunir toda la documentación, que muchas veces lo que piden son documentos de la Seguridad Social, de Hacienda o del SEPE, que ni siquiera saben qué son esos organismos. O si saben lo que son, las personas en situación irregular no pueden obtener esos papeles. O en el caso de que las personas que ya tengan asignado un NIE, aunque no tengan el permiso de residencia, pero tengan el número, les dicen que lo saquen por internet y tampoco son capaces de realizar esos trámites.
- **Sobre los tiempos de resolución de los problemas que presentan las personas migrantes, ¿suelen ser unos tiempos cortos o largos?**

- Suelen ser unos tiempos larguísimos, o sea, para casi todas las prestaciones. Quitando el A Flote para una deuda de alquiler, que se maneja en unos tiempos un poco más decentes, las AES, que son las ayudas de emergencia social de la Xunta, la emergencia es que la resuelven en seis meses como pronto. La renta, la RISGA, igual. O sea, no hay una inmediatez real.

- **¿Los servicios sociales comunitarios suelen derivar a entidades como SOS Racismo cuando no son capaces de resolver todas las necesidades de una persona usuaria?**
- Aquí depende un poco del trabajador o de la trabajadora que te toque. Nosotras sí que nos encontramos con que trabajamos bastante en red con varias trabajadoras, que sí que en cuanto detectan que tienen, pues eso, que ven que la persona no habla bien el idioma o directamente que no entiende nada de español, o que habla bien, pero puede tener dificultades porque acaba de llegar y demás, sí que nos encontramos con muchas derivaciones por parte de ellos. O incluso personas que las ven un poco perdidas en el sentido del resto de recursos o en general que las ven así un poco que no están ligadas a ninguna entidad, sí que nos los derivan para hacer un poco ese proceso de acompañamiento más general. También hay otros que no, pues que nosotras todos los años les mandamos correos diciéndoles, “estamos aquí”, pero nunca nos derivan gente. Normalmente nos suelen derivar.

- **¿Crees que el tercer sector, las ONG, están cubriendo una parte de esa intervención que tienen los servicios sociales públicos?**
- Sí, por supuesto, muchísimo. Estamos cubriendo una parte inmensa de trabajo que deberían hacer ellos porque a veces es que por los tiempos que manejan, entre citas y demás, trabajos que deberían hacer los trabajadores sociales, los trabajadores de la administración, como es apoyar, cubrir todos los formularios, apoyar en la búsqueda de esa documentación que necesitan, mediar con el propietario de la vivienda para que los dejen empadronarse o para hacer el contrato, que lo estamos haciendo nosotros. Incluso acompañamos a los centros de salud cuando no los dejan solicitar la asistencia sanitaria, porque sí, porque el funcionario de turno decide que no tiene derecho. Eso lo estamos haciendo nosotras. Acompañamos a la entidad bancaria con un informe para que les dejen

abrir la cuenta. El informe y el acompañamiento lo estamos haciendo nosotras. Entonces, yo creo que eso es lo que no van a hacer ellos. Eso y contratar traductores por parte de la administración. Nosotras ahora, porque tenemos voluntarios, pero debería de ser gente que estuviese contratada por los servicios sociales y que estuvieran allí siempre que tuviesen citas y hacer unas entrevistas de calidad. Porque muchas veces a nosotros nos piden “¿nos podrías mandar tu informe?” y estamos nosotras ya mandando los informes hechos, que tienen que hacer un copia y pega.

- **¿Consideras que los servicios sociales están haciendo todo lo posible para resolver las problemáticas que presenta la población migrante?**
- No. Creo que se podría hacer mucho más, que al final los servicios sociales son política y dependiendo de quién esté en ese momento, pues hacen unas cosas o se hacen otras. Y ahora mismo, sí que creo que hay una alta demanda de necesidades que puede ser que se estén viendo saturados, pero que se podría hacer mucho más de lo que se está haciendo.
- **¿Existen diferencias a la hora de atender a una persona inmigrante en relación con una persona autóctona?**
- Sí. No podemos generalizar, porque al final la cara visible de los servicios sociales son los trabajadores y las trabajadoras. Pero en mi experiencia, en los acompañamientos, incluso estando yo presente, que no me quiero imaginar lo que pasa cuando no estamos nosotras presentes, muchas veces se hacen comentarios racistas del tipo “qué, te pones aquí a pedir una ayuda cuando te tenías que haber quedado en tu país o te podías haber marchado a tu país”, o “es que tú tienes que entender que si todos venís de Senegal a Coruña porque queréis cobrar una ayuda de 500 euros, esto no puede ser”. Y claro, esos comentarios evidentemente a una persona autóctona no se los hacen.
- **¿Cómo valoras el desempeño profesional del personal de los servicios sociales del Concello de A Coruña?**
- Hay profesionales muy buenas que están súper implicadas y concienciadas, pero en general, creo que bastante malo. Les falta además formación antirracista, les

falta mucha sensibilización. Les falta mucho. Creo que deberían de trabajar más en red las trabajadoras y las educadoras porque es muy asistencialista y al final los itinerarios de inclusión que hacen es firmar un papel para que eso quede puesto en el papel, pero no son realistas. O sea, no hacen labores de empoderamiento con las personas, no les explican recursos, no les explican derechos. Se limitan a cubrir unos básicos de “tráeme los recibos del alquiler y cuatro justificantes de que hiciste cuatro cursos y ya está”. No se ofrece tampoco desde servicios sociales aulas de español de calidad. Nos derivan todo el tiempo. Un poco en relación con lo que también hablamos antes, derivan al tercer sector para que vayan a clases de español, cuando las competencias que tiene el tercer sector son muy limitadas. Y hay otras entidades sociales que ofrecen clases de calidad y que no sean a través del voluntariado, de una persona mayor que ya se jubiló y se aburre, que está muy bien, pero no es una formación de calidad.

- **¿Es la consecuencia de esta falta de financiación del tercer sector?**
- La financiación de las entidades sociales se está volviendo cada vez más complicada. Las que ya estamos en esto hace tiempo pedimos más financiación, porque detectamos más necesidades, pero cada vez hay más entidades nuevas. Entonces, el dinero es el mismo o menos.

- **¿Existe el racismo institucional? ¿Cómo afecta a la población migrante a la hora de acceder a los servicios sociales?**
- Primero, con lo que decíamos antes, ya con estar en una situación administrativa irregular, tener que llevar seis meses empadronado...Eso ya es lo primero. Después, ¿existe el racismo institucional? Sí. ¿Que afecta desde quien quiere solicitar la asistencia sanitaria y el funcionario de turno deniega porque no tiene ni idea o porque le apetece? A veces ya creo que es porque sí que lo saben, porque son los mismos funcionarios que la semana anterior ya fuimos a explicarles que sí que tenían derecho a la asistencia sanitaria. Pues no les recogen la documentación. Después, los plazos que se manejan en las ayudas que solo pueden pedir personas en situación administrativa irregular, siempre son superiores. O el que te pidan documentación que saben que no puedes presentar porque no tienes un permiso de residencia y te lo están exigiendo igual. El

personal en situación irregular no puede presentar la cartilla de demandante de empleo. Es un papel que se pide todo el tiempo y no conseguimos que lo eliminen de la lista de documentación que se solicita para pedir alguna ayuda. Hay que suplirlo con una declaración jurada de que no pueden solicitar la cartilla de demanda de empleo porque están en situación irregular. Que no pueden solicitar la vida laboral porque están en situación irregular. Y así con un montón de documentación. Las personas migrantes en esta situación lo van a presentar si tienen un asesoramiento, porque si no, ellas por sí mismas no sabrán que tienen representación jurídica, o que no pueden solicitar la vida laboral. Sí, porque además les dan el papel con toda la documentación que tienen que llevar y no les dicen “mira, esto no te lo van a dar”. O sea, no hacen ni siquiera ese trabajo. Para la Renta Social Municipal, para la RISGA. A veces también dependiendo, entra el criterio subjetivo de cada trabajador social. Aunque deberían de tener la documentación unificada para todas las prestaciones o ayudas, no es así. Algunos los piden para la AES, otros no. Y luego con A Flote ya es tremendo, porque dependiendo quién te toque, ahí sí que te pide totalmente una documentación u otra. Al ser un convenio que tienen con EMALCSA, ahí sí que ya no es ni un criterio mucho más claro. Hay algunos que, con un certificado de la deuda y los movimientos del banco, si lo tienen, les tramitan el A Flote, y hay otros que les piden hasta un certificado de antecedentes penales, casi.

- **¿El hecho de que una persona esté en situación irregular puede llevar a que ya ni siquiera llegue a los servicios sociales por el miedo a que les identifiquen o que les pidan el pasaporte?**
- Yo creo que ese miedo lo hubo hace muchísimo tiempo. Por ejemplo, yo cuando empecé a trabajar todavía no existía la Renta Social Municipal y sí que había mucho miedo a acceder a los servicios sociales de esas personas en situación irregular porque no había nada que se les tramitase. En Coruña fue un poco la puerta de entrada a las personas en situación irregular a los servicios sociales. Desde aquella hubo mucho trabajo, mucho acompañamiento detrás y están como muy rodados en el sentido del boca a boca de que no pasa nada por acceder. De hecho, también a raíz de la Renta Social Municipal se empezaron a tramitar muchas AES de la Xunta a personas en situación irregular, porque hasta la renta

recuerdo que se tramitaban poquísimas. Pero claro, el trabajador social, la valoración de la urgencia, de las necesidades y demás, también era muy subjetivo. No valoraban ninguna necesidad. Entonces, yo creo que eso que ahora mismo que no, que sí que sigue habiendo gente, pues que se siente más protegida entre comillas y la acompañamos nosotros, pero que por miedo a ser identificado creo que no.

- **¿Qué aspectos consideras positivos de los servicios sociales?**

- A ver, yo creo que los servicios sociales son comunitarios, básicos y fundamentales porque al final las necesidades básicas de las personas que no tienen recursos se tienen que cubrir desde la administración pública. Y eso es así. Y creo que es lo único. Tal y como funcionan ahora, lo único. Creo que deberían de ser mucho más fundamentales y hacer unas atenciones más integrales y proporcionar muchas más cosas de las que proporcionan.

- **¿Qué aspectos mejorarías de los servicios sociales?**

- Los tiempos. Los tiempos de resolución de las solicitudes, los tiempos de espera entre las citas, la necesidad de que si tú tienes una urgencia te den una cita con un carácter urgente, no de un mes de espera. Que haya una mayor implicación. Yo creo que en un mundo idílico deberían tener más citas el usuario o la usuaria con el trabajador para poder generar más *feeling*. Que sean como un referente de apoyo para la integración y demás. Yo creo que la gente los ve como un tramitador de ayudas y el *feeling* lo generan con el tercer sector. Y creo que deberían de primeras de tener desde los servicios sociales aulas de lengua castellana y de alfabetización digital que sean básicas para las que pueda acceder cualquier persona cuando llega o cuando necesite.

- **Vamos a hablar de otros agentes relevantes del sistema de protección social. Te voy a pedir tu valoración sobre la UAMI, la Oficina de Extranjería, la Policía Nacional. ¿Qué papel tienen y qué valoración haces sobre ellos?**

- La Oficina de Extranjería y la Policía Nacional están funcionando fatal en el sentido de las citas. O sea, conseguir una cita en la Oficina de Extranjería o en la Policía para renovar un permiso de residencia o a presentar una solicitud de

arraigo para cualquier trámite es imposible. Las personas nos llaman desesperadas porque se piensan que desde aquí lo podemos hacer más ágil y para nosotros es igual de imposible que para ellos. Ahora mismo, nosotros estamos sin abogada de extranjería, pero hasta hace poco la abogada tenía que presentar ella a través de la aplicación que tienen ellos, un montón de solicitudes de permisos de residencia por culpa de las citas en extranjería, que está siendo imposible. Y después creo que la atención en la Oficina de Extranjería es bastante mala. O sea, la función que tienen es súper relevante pero la atención es súper mala porque el funcionario o la funcionaria de turno muchas veces ve que falta documentación o que la documentación está mal y recoge igual todo sin decirle nada a la persona. Si tú ves que los antecedentes penales están caducados, hombre, no le recojas la documentación. Dile, “mira, este papel está caducado, trae otro nuevo”. Y cuando no revisamos nosotras antes, cuando llega la denegación o un requerimiento con cartas y nos dicen (las personas usuarias), “es que lo llevé a Extranjería”. Y con la policía, pues un poco lo mismo. O sea, conseguir las citas es terrible. Tiene que ser a través de internet también, ambos. La gente desesperada va por allí presencialmente y tampoco se les da ninguna solución ni les dan cita ni nada. Aquí también hay un poco de racismo institucional en la Policía Nacional, para renovar el DNI hay citas, pero para renovar el NIE no. Entonces, cuando antes del COVID se podían hacer las filas largas, veías en la policía de extranjería horas y horas de personas haciendo la cola desde las seis de la mañana y la policía nacional para renovar el DNI, tú ibas con tu cita, renovabas el DNI y ya estaba. Y la UAMI, creo que falta personal. Debería de haber otra técnica de inserción social, o sea, otra orientadora laboral. Que sí, que está bien lo que hacen, la orientación laboral que hacen, pero que debería de ser un poco más amplia y un poco más personalizada, que al final muchas veces se limitan a hacerles el currículum y derivarlos al tercer sector, a las entidades que llevamos itinerarios laborales y eso se debería de hacer desde la UAMI. Se deberían de tener más citas de seguimiento con las personas y apoyarlos mucho más en ese proceso de búsqueda de empleo, porque muchas veces llegan aquí con el currículum hecho, que no les explicaron mucho. La búsqueda de empleo en España y en Venezuela es diferente, y entonces desconocen las plataformas de búsqueda de empleo por internet. No tienen una orientación mucho más allá y después el asesoramiento jurídico de la UAMI, pues

los tiempos de espera son terribles, porque hay un abogado para toda la población, entonces está super saturado y demás. Aún encima lo colapsan un poco también con las personas que están siendo beneficias de la renta, porque uno de los objetivos que les marcan en el itinerario de inclusión es acudir a las citas con el abogado de la UAMI, que una persona que lleva aquí un año, pues está bien que conozca sus derechos, pero tampoco necesita una cita con el abogado, porque eso se lo puede comentar la propia trabajadora social, que hasta que lleve aquí tres años (no puede iniciar el proceso de regularización). Entonces es un aspecto muy específico y esa es un poco mi valoración, que los cursos que se hacen desde la UAMI muchas veces están bien, pero vuelve a ser un poco lo mismo. Los requisitos de acceso son para personas en situación regular, porque los cursos más potentes, por así decirlo, los prelaborales tienen prácticas y no pueden acceder a las personas en situación irregular. No tienen competencias digitales, que muchas veces no quieren hacer, porque es un aula con 30 personas y no tienen el nivel, o se dan desde dispositivos como un ordenador, que desde mi punto de vista deberían de ser con los dispositivos que ellos después en su casa puedan manejar porque les enseñan a usar el ordenador, y luego no van a las bibliotecas. Entonces, si las clases fueran desde sus propios dispositivos y con cosas más útiles, pues el manejarse con el correo para poder comunicarse con el trabajador social o pedir citas a través de internet, ellos sí que lo podrían hacer después.